

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 1 de abril de 2026**  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinca e cinco minutos do día 1 de abril do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.36334.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2026.

2. 36335.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS OFICIAIS DE ÁMBITO ESTATAL NO ANO 2026 (EXPTE. 2026010657)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de decembro de 2025 acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026.

Segundo.- A Vicepresidenta Segunda en data 16/03/2026 da inicio o expediente para a tramitación das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito estatal no ano 2026.

Terceiro.- En data 16/03/2026 o servizo de Deportes emite memoria xustificativa e solicita informe de fiscalización previa á Intervención do proxecto de bases reguladoras con data 17/03/2026, que é informado de xeito favorable con data 24/03/2026.



Cuarto.- En data 30/03/2026 o servizo de Deportes solicita a fiscalización da modificación e corrección do texto das bases reguladoras para a concesión a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a participación en competicións oficiais de ámbito estatal no ano 2026, no que atinxe ao importe máximo de subvención para as diferentes modalidades recollidas na cláusula decimo terceira.

Quinto.- En data 30/03/2026 a Intervención fiscaliza de xeito favorable o expediente de bases de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito estatal no ano 2026.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d)
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- Entre as competencias atribuídas pola Lei, 03/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia ás deputacións provinciais, atópanse o fomento, a promoción e a difusión do deporte, así como calquera outra actuación que beneficie o desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

En relación ao mencionado a Lei do Deporte de Galicia no seu artigo 40.1 indica que as entidades deportivas teñen por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario e no apartado 2 indica que a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei. No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.



Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ós clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito estatal no ano 2026.

As axudas estarán destinadas subvencionar os gastos de participación e adestramento dos equipos e das deportivas do club en competicións oficiais organizadas polas federacións correspondentes.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

De acordo co establecido na normativa de subvencións esta convocatoria tramítase na modalidade de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración fixados nas bases reguladoras, co fin de establecer unha prelación entre elas.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- O importe destinado as subvencións será de 1.000.000,00 euros, que se financiarán con cargo á aplicación 26/340.3410.489.20 do Orzamento provincial para o ano 2026.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.



Esta cantidade poderase incrementar nun máximo dun 25 % do importe total, en base ás circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo e no art. 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe desta ampliación dependerá dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda, nun momento anterior á resolución da concesión da subvención. Esta ampliación, deberá publicarse con carácter previo á resolución de concesión nos mesmos medios que a convocatoria, indicando o crédito final dispoñible e a distribución definitiva. Este anuncio non implicará a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

En ningún caso, a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases, ou de ser o caso, nas súas posibles modificacións.

En base ao anteriormente exposto, efectúase a seguinte proposta de acordo a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito estatal no ano 2026 co seguinte teor literal:  
*“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓN OFICIAIS DE ÁMBITO ESTATAL NO ANO 2026*

*O deporte é unha actividade esencial, enriquecedora e xeradora de benestar tanto persoal coma social. Neste sentido, constitúe un importante instrumento de cohesión, de transmisión de valores e de impulso económico.*

*O modelo deportivo está en continua evolución, con cambios acelerados que incrementan a práctica deportiva entre a cidadanía e potencian a súa proxección social. Neste contexto, resulta fundamental facilitar o acceso ao deporte e fomentar a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas.*

*A Deputación de Pontevedra, consciente das dificultades que teñen os clubs da provincia para participar e representar esta nas diferentes competicións estatais, e ao estar comprometida co labor que levan a cabo no fomento e impulso neste campo, quere promover, a través desta liña de axudas, a participación en competicións oficiais de ámbito estatal por parte dos clubs da provincia de Pontevedra como unha actuación de interese público e provincial que constitúe un factor esencial no desenvolvemento deportivo e que supón un estímulo para fomentar o deporte de base, ademais de cumprir unha función representativa e de reputación xeral do deporte na provincia.*

*Desde o punto de vista competencial, no artigo 43.3 da Constitución española establécese que os poderes públicos fomentarán a educación física e o deporte como principio reitor da política económica e social.*



*Na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, considéranse que este e a actividade física son actividades esenciais, e reconécese o dereito de todas as persoas á súa práctica. Ademais, resáltase a importancia das entidades locais na promoción e fomento da actividade deportiva como xestoras do territorio.*

*Na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, establécese que as deputacións exercerán competencias no seu ámbito territorial para fomentar, promover e difundir o deporte.*

*No ámbito provincial, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúeselle á Deputación a competencia propia de cooperar no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación territorial, en coordinación coas demais administracións públicas.*

*Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, recóllense como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, mentres que no artigo 118.d inclúese a organización de actividades dirixidas ao fomento da cultura, da educación e do deporte.*

*En virtude do exposto e ao abeiro da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP); da Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e da normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións de ámbito estatal no ano 2026, de acordo coas seguintes*

## BASES

### *Primeira. Obxecto*

*Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participen con algún equipo e/ou deportistas en competicións oficiais de ámbito estatal recollidas nesta normativa. A finalidade destas axudas é colaborar no financiamento dos gastos derivados da súa actividade nas competicións oficiais durante a tempada partida 2025-2026 ou durante a tempada 2026.*

### *Segunda. Entidades beneficiarias*

*Poderán adquirir a condición de beneficiarias os clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídos, con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra e que conten cun equipo inscrito nalgunha das competicións oficiais de ámbito estatal establecidas ou participen con algún equipo ou deportista en categoría absoluta nas diferentes competicións oficiais dese ámbito e cumpran os requisitos que se establecen na base quinta.*

*Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como nas disposicións concordantes da normativa autonómica de aplicación. Tampouco poderán resultar beneficiarias aquelas entidades que teñan pendente de xustificar, con prazo vencido, axudas concedidas no exercicio anterior no marco do mesmo programa.*

### *Terceira. Financiamento*

*A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 26/340.3410.489.20 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total dun millón de euros (1.000.000€).*



*Esta cantidade poderase incrementar nun máximo dun 25 % do importe total, de acordo coas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e no 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).*

*O importe deste aumento dependerá dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda, nun momento anterior á resolución da concesión da subvención. Este incremento deberá publicarse antes da resolución de concesión nos mesmos medios que a convocatoria e indicaranse o crédito final dispoñible e a distribución definitiva. Este anuncio non implicará a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.*

*En ningún caso a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases ou, de ser o caso, nas súas posibles modificacións.*

#### *Cuarta. Réxime xurídico*

*As subvencións reguladas nestas bases tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.*

*O procedemento rexerese por estas bases e pola normativa básica estatal en materia de subvencións, pola normativa autonómica de subvencións de Galicia, pola Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra vixente e pola normativa xeral de procedemento administrativo e réxime xurídico do sector público.*

*En todo o non previsto nas normas anteriores aplicaranse de forma supletoria as restantes disposicións do ordenamento xurídico que resulten pertinentes segundo a natureza das actuacións.*

#### *Quinta. Modalidades deportivas e competicións oficiais obxecto de subvención*

*As modalidades deportivas e competicións oficiais obxecto de subvención clasifícanse, para os efectos destas bases, da seguinte forma:*

- Competicións de nivel 1:*
  - Modalidades deportivas nas que a competición de categoría absoluta ou sénior se establece en formato de liga por equipos (con 5 ou máis deportistas no espazo de competición).*
  - Con xornadas de ida e volta.*
  - Con ascensos e descensos de nivel segundo o regulamento de competición.*



(\*Inclúese a categoría previa á absoluta na modalidade de fútbol)

Nivel 1-A	
Baloncesto	Primeira FEB e Liga Feminina Challenge
Fútbol	2. <sup>a</sup> RFEF feminina
Fútbol sala	2. <sup>a</sup> División Nacional masculina
Hóckey sobre patíns	OK Liga feminina e masculina
Rugby	División de Honra masculina
Voleibol	Superliga feminina e masculina

Nivel 1-B	
Baloncesto	Segunda FEB e Liga Feminina 2
Balonmán	División de Prata masculina e División de Honra Ouro feminino
Fútbol	3. <sup>a</sup> RFEF masculina e feminina
Fútbol sala	2. <sup>a</sup> División Nacional B masculina e 2. <sup>a</sup> División Nacional feminina
Hóckey sobre patíns	OK Liga Prata feminina e masculina
Béisbol	Liga Nacional de Béisbol División de Honra Ouro
Sóftbol	Liga Nacional de Sóftbol División de Honra Ouro
Rugby	División de Honra feminina e División de Honra elite masculina
Voleibol	Superliga 2 feminina e masculina
Wáter-polo	División de Honra feminina e masculina

Nivel 1-C	
Baloncesto	Terceira FEB e 1. <sup>a</sup> Nacional feminina
Balonmán	1. <sup>a</sup> División masculina e División de Honra Prata feminina
Béisbol	Liga Nacional de Béisbol División de Honra Prata
Fútbol	División de Honra xuvenil
Fútbol sala	3. <sup>a</sup> División Nacional masculina/División de Honra xuvenil
Hóckey sobre patíns	OK Liga Bronce feminina e masculina
Sóftbol	Liga Nacional de Sóftbol División de Honra Prata
Rugby	División de Honra B feminina e masculina
Voleibol	1. <sup>a</sup> División feminina e masculina
Wáter-polo	1. <sup>a</sup> División Nacional masculina e feminina

- *Competicións de nivel 2:*

- *Modalidades deportivas nas que a competición de categoría absoluta ou sénior se establece en formato de liga por equipos (con 4 ou menos deportistas no espazo de competición).*
- *Con ascensos e descensos de nivel segundo o regulamento de competición.*



Nivel 2-A	
<i>Atletismo</i>	<i>Liga de Clubs de Primeira División feminina e masculina</i>
<i>Bádminton</i>	<i>Primeira Ouro/Primeira Prata</i>
<i>Billar</i>	<i>División de Honra</i>
<i>Bowling</i>	<i>División de Honra feminina e masculina</i>
<i>Esgrima</i>	<i>División de Ouro (espada, sable ou florete)</i>
<i>Tenis</i>	<i>Campionato de España de Tenis Absoluto por Equipos, 1.ª categoría</i>
<i>Tenis de mesa</i>	<i>División de Honra feminina e masculina</i>
<i>Ximnasia</i>	<i>1.ª División da Liga Iberdrola GR e 2.ª División da Liga Iberdrola GR</i>

Nivel 2-B	
<i>Bádminton</i>	<i>Primeira Bronce</i>
<i>Billar</i>	<i>1.ª División</i>
<i>Bowling</i>	<i>1.ª División masculina</i>
<i>Esgrima</i>	<i>División de Prata (espada, sable ou florete)</i>
<i>Orientación</i>	<i>1.ª División de Orientación a Pé</i>
<i>Tenis</i>	<i>Campionato de España de Tenis Absoluto por Equipos, 2.ª e 3.ª categoría</i>
<i>Tenis de mesa</i>	<i>1.ª División feminina e masculina</i>
<i>Triatlón/dúatlón</i>	<i>2.ª División da Liga Nacional de Clubs feminina e masculina</i>
<i>Vólei praia</i>	<i>Liga Nacional de Vólei Praia</i>
<i>Ximnasia</i>	<i>3.ª División da Liga Iberdrola GR</i>

- *Competicións de nivel 3:*

- *Modalidades deportivas nas que a competición de categoría absoluta ou sénior se establece en formato de clasificación final individual ou por equipos.*
- *Incluídas nun calendario oficial da tempada da que resulte a clasificación final.*  
*(\*As entidades deberán acreditar unha participación mínima)*

Nivel 3-A	
<i>Ciclismo</i>	<i>Copa de España en Ruta, categorías elite e sub-23 (deberase acreditar a participación nun mínimo de 5 probas puntuables da Copa de España 2026. A certificación terá que asinala a Real Federación Española de Ciclismo).</i>



Nivel 3-B	
Ciclismo	<p>Elite e sub-23 na modalidade de estrada, BTT ou ciclocrós (deberase acreditar a alta do equipo elite e sub-23 na Real Federación Española de Ciclismo, participar nun mínimo de 5 probas puntuables no calendario estatal, das cales tres delas deben ser fóra da comunidade autónoma galega).</p> <p>* Non se terá en conta as probas que non figuren na clasificación publicada da Real Federación Española para esas categorías.</p> <p>* A certificación presentarase no momento da xustificación e terá que asinala a federación.</p>
Outras modalidades deportivas	<p>O resto de clubs deberán acreditar a súa participación con 3 deportistas en categoría absoluta nun mínimo de 5 competicións de ámbito estatal ou internacional fóra da comunidade autónoma galega incluídas no devandito calendario.</p> <p>* A certificación presentarase no momento da xustificación e terá que asinala a federación correspondente.</p>

Estas competicións deberán estar incluídas nos calendarios oficiais aprobados polas diferentes federacións para a tempada 2025-2026 ou 2026.

Poderanse incorporar novas modalidades e competicións nacionais. O servizo instructor realizará as comprobacións necesarias para certificar o ámbito da competición coa federación correspondente e determinará o grupo e nivel que lle corresponda. En caso de que unha competición cambie o seu nome, isto non implicará unha modificación das bases; considerarase que o nome reflectido nelas segue sendo válido para esa competición.

#### Sexta. Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen durante o período correspondente á tempada 2025-2026, no caso de que esta fose partida, ou 2026, no caso de tempada anual.

Para os efectos destas bases subvencionaranse os seguintes gastos de participación e adestramentos dos equipos e das e dos deportistas do club en competicións oficiais organizadas polas federacións correspondentes, que son os seguintes:

- Gastos federativos. Os que correspondan a gastos emitidos polas federacións deportivas ou similares para a actividade subvencionada (licenzas, arbitrazes, inscricións...).
- Gastos de competición e adestramento. Os correspondentes a desprazamentos, aloxamento, manutención, participación, alugueiro de instalacións deportivas, quilometraxe ou calquera outro necesario para asistir ou participar nas competicións ou adestramentos da actividade deportiva subvencionada.
- Gastos de persoal. Os que correspondan a soldos, salarios ou retribucións unicamente das e dos deportistas, técnicos, adestradores ou calquera outro axente necesario para a práctica da actividade deportiva subvencionada.



- *Gasto de material deportivo. Os que correspondan a vestimenta e equipamento deportivo non inventariable, así como a reparación e mantemento do material de deporte necesario para a práctica subvencionada.*
- *Gastos sanitarios. Os relacionados coa saúde das e dos deportistas no desenvolvemento da actividade deportiva subvencionada.*

#### *Outras normas para ter en conta*

- *Quedan excluídos, entre outros, os gastos derivados de seguros, asesorías, telefonía, ITV, así como calquera outro que non teña relación coa práctica da actividade deportiva subvencionada.*
- *En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.*
- *Salvo disposición expresa en contrario, poderase considerar como gasto subvencionable o gasto feito e xustificado, aínda que non estea pagado, antes da presentación da xustificación, sempre que se pague no prazo máximo dun mes desde que se lle aboe a subvención á persoa beneficiaria. Este aspecto comprobarase cando se faga o control financeiro.*
- *Non se considerarán como subvencionables os gastos de máis de novecentos euros (900 €) euros que non se aboen por medio dunha entidade financeira. Así mesmo, cando se trate de persoas beneficiarias que non contén con contabilidade, tampouco se considerarán subvencionables os gastos que non se paguen por medio de entidade financeira.*
- *En caso de que se subvencionen actividades non profesionais, servirá de xustificante o recibo no que se acredite a identificación da persoa beneficiaria da subvención e do suxeito que desempeña a actividade, o concepto, a data, o importe e o xustificante de que se realizou, se procede, a correspondente retención fiscal.*
- *En caso de compensacións por desprazamentos en vehículos privados, estableceranse sobre a base das tarifas aboadas por quilómetro de acordo coa normativa vixente.*

#### *Sétima. Lugar de presentación de solicitudes*

*As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da LPACAP.*

*Soamente se admitirá unha solicitude de subvención por cada entidade solicitante.*

*As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, de acordo co establecido no artigo 14.2 da LPACAP.*

*Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).*

#### *Oitava. Prazo de presentación de solicitudes*

*O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).*

#### *Novena. Comprobación de datos*

*Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:*

- *NIF das persoas xurídicas solicitantes.*
- *DNI ou NIE da persoa representante legal do club ou entidade.*
- *Domicilio fiscal da entidade solicitante.*



- *Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

*En caso de que as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas deberán indicalo marcando o cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.*

*No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.*

#### *Décima. Documentación*

*As entidades solicitantes presentarán, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:*

- *Certificado federativo (anexo I). Certificación oficial expedida pola federación correspondente na que se detallan os criterios de valoración específicos e previstos nas bases.*
  - *Aqueles clubs de modalidades deportivas que desenvolvan a súa actividade competitiva no ano natural poderán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración xurada na que se detallan os criterios de valoración específicos e previstos nas bases. En todo caso, deberán presentar o certificado federativo no prazo de dez (10) días desde a notificación da proposta de resolución provisional. En caso de presentar un menor número de licenzas, reducirase o importe da subvención proporcionalmente (en caso de presentar máis licenzas, terase en conta as declaradas coa solicitude).*

*A documentación complementaria deberase presentar electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.*

*Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para este efecto considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.*

#### *Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas*

*Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se entenderá que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.*

*Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.*

*A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian empregar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos*



*poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a efectuar o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>*

#### *Décimo segunda. Notificacións*

*As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común; estas practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> e <https://debu.redsara.es>.*

*As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.*

*O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.*

*Se o envío electrónico non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra realizará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.*

#### *Décimo terceira. Procedemento de concesión*

*O procedemento de concesión das subvencións levarase a cabo en réxime de concorrencia competitiva; é dicir, realizarase comparando as solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e concederánselles co límite fixado nesta, dentro do crédito dispoñible, a aquelas solicitudes que obteñan unha maior puntuación ao aplicar os criterios de valoración.*

*O importe das subvencións calcularase de acordo cos criterios de valoración recollidos nestas bases.*

*Establécese un importe máximo de subvención para as diferentes modalidades con base nos grupos e niveis das competicións de acordo coa seguinte clasificación:*

<i>Límites</i>	
<i>Competicións de nivel 1</i>	
<i>Para os clubs que contan cun segundo equipo de categoría estatal incrementarase o límite establecido en 5.000 €.</i>	
	<i>Nivel 1-A.....38.000 €</i>
	<i>Nivel 1-B.....28.000 €</i>
	<i>Nivel 1-C.....18.000 €</i>
<i>Competicións de nivel 2</i>	
	<i>Nivel 2-A.....18.000 €</i>
	<i>Nivel 2-B.....13.000 €</i>
<i>Competicións de nivel 3</i>	
	<i>Nivel 3-A.....18.000 €</i>
	<i>Nivel 3-B.....13.000 €</i>

*En todo caso, as axudas non poderán superar o 40 % do orzamento presentado polas entidades coa solicitude.*

*Se ao facer o primeiro repartimento quedase diñeiro dispoñible, realizaranse tantas reparticións como fose necesario, seguindo o mesmo procedemento.*



*Décimo cuarta. Criterios de valoración e cálculo do importe das subvencións*

*Co obxecto de garantir unha valoración obxectiva para calcular os importes, estableceranse os criterios do orzamento achegado coa solicitude e o certificado federativo (anexo I), de acordo coa seguinte ponderación:*

<i>Criterios de valoración específicos</i>	<i>Ponderación</i>
<i>Orzamento da finalidade subvencionada</i>	<i>50 %</i>
<i>Licenzas federativas</i>	<i>50 %</i>
<i>Total</i>	<i>100 %</i>

- *Determinación dos puntos:*

*O procedemento para determinar os puntos acadados por cada entidade determinarase coa seguinte fórmula:*

$$\text{Puntos de cada entidade} = (\text{Orz} * 50 / \text{Sto}) + (\text{Lf} * 50 / \text{Slf})$$

*Orz.: orzamento presentado*

*Sto.: sumatorio total de orzamentos presentados*

*Lf.: puntuación acadada polo club polas licenzas federativas do certificado federativo presentado*

*Slf.: sumatorio das puntuacións totais do acadado polos clubs polas licenzas federativas*

- *Cálculo da puntuación a través das licenzas federativas:*

<i>Licenzas totais da entidade</i>	<i>1 punto/licenza</i>
<i>Licenzas formativas (categorías de base ata os 16 anos)</i>	<i>1 punto/licenza</i>
<i>Licenzas femininas</i>	<i>1 punto/licenza</i>
<i>Licenzas de deporte adaptado</i>	<i>10 puntos/licenza</i>
<i>Licenzas de técnicos ou adestradores*:</i>	
➤ <i>Nivel 3</i>	<i>5 puntos/licenza</i>
➤ <i>Nivel 2</i>	<i>3 puntos/licenza</i>
➤ <i>Nivel 1</i>	<i>1 punto/licenza</i>
<i>Licenzas de técnicas ou adestradoras*:</i>	
➤ <i>Nivel 3</i>	<i>7 puntos/licenza</i>
➤ <i>Nivel 2</i>	<i>5 puntos/licenza</i>
➤ <i>Nivel 1</i>	<i>3 puntos/licenza</i>
<i>Licenzas das e dos deportistas estatais:</i>	
➤ <i>Competicións de nivel 1-A</i>	<i>600 puntos/licenza</i>
➤ <i>Competicións de nivel 1-B</i>	<i>500 puntos/licenza</i>
➤ <i>Competicións de nivel 1-C</i>	<i>400 puntos/licenza</i>
➤ <i>Competicións de nivel 2-A</i>	<i>200 puntos/licenza</i>
➤ <i>Competicións de nivel 2-B</i>	<i>100 puntos/licenza</i>
➤ <i>Competicións de nivel 3-A</i>	<i>300 puntos/licenza</i>
➤ <i>Competicións de nivel 3-B</i>	<i>100 puntos/licenza</i>



- *Cálculo do valor do punto das axudas das subvencións:*

*Este valor calcúlase dividindo o orzamento total destinado á convocatoria entre 100.*

- *Cálculo do importe das subvencións:*

*O importe final das subvencións calcularase multiplicando a puntuación acadada por cada entidade polo valor do punto das axudas.*

*\* As licenzas de adestradoras e adestradores certificadas pola federación serán as licenzas correspondentes aos títulos oficiais de adestradora ou adestrador impartidos polas federacións deportivas (autonómicas ou estatais) ou polos diferentes centros de ensinanzas deportivas de réxime especial.*

#### *Décimo quinta. Instrución do procedemento*

*A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Deportes.*

*Comprenderá as seguintes fases:*

- *Estudo e comprobación de todas as solicitudes polo servizo instrutor, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos.*
- *Informe-proposta da xefatura do servizo no que figure a valoración das solicitudes, de acordo cos criterios de concesión, se explique o sistema de valoración seguido, se relacionen as solicitudes por orde e se sinala a subvención correspondente a cada unha delas. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas e explicaranse as razóns da súa desestimación.*
- *Fiscalización dos expedientes por parte da Intervención.*
- *Informe-proposta por parte da Comisión de Valoración, que estará composta por:*
  - *Presidente: a xefa ou o xefe do Servizo de Deportes.*
  - *Vogal: un membro do persoal técnico do Servizo de Deportes.*
  - *Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Deportes.*
- *Proposta de resolución provisional: o órgano instrutor, á vista dos expedientes e do informe-proposta, formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada, que será notificada coa súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, e establecerase un período de dez (10) días naturais desde o mesmo día da súa publicación para presentar alegacións ou renunciar á subvención proposta. En caso de non haber modificacións, elevarase a definitiva.*
- *Informe-proposta dos expedientes que presenten alegacións ou renuncias.*
- *Proposta de resolución definitiva: logo de examinadas as alegacións e as posibles renuncias, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá incluír a persoa ou persoas para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos de exclusión.*

*As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.*
- *Informe de fiscalización da Intervención de todos os expedientes e da proposta de resolución definitiva.*

#### *Décimo sexta. Resolución do procedemento*

*A proposta de resolución definitiva formulada polo órgano instrutor someterase á aprobación do órgano competente, que resolverá o procedemento.*

*O acto de resolución publicarase no BOPPO e terá os efectos dunha notificación, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva (artigo 45 da LPACAP).*

*Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.*



*O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses, contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación das solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexítima as persoas interesadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.*

#### *Décimo sétima. Compatibilidade e incompatibilidade*

*A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados.*

*Estarase ao disposto no artigo 19.3 da LXS e no 17.3 da LSG, no que se indica que “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.*

*A subvención será incompatible con calquera outra para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade con cargo a créditos desta Deputación e dos seus organismos dependentes, en especial, coas convocatorias de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra de ámbito inferior ao estatal, ás de ámbito náutico e ás consignadas nominativamente no Orzamento para o ano 2026 da Deputación de Pontevedra.*

#### *Décimo oitava. Procedemento de xustificación e pagamento*

*As entidades beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda.*

*O prazo de presentación das xustificacións finalizará o 31 de xaneiro de 2027.*

*As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o previsto na base décimo terceira destas bases.*

*Para a xustificación as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:*

- *Anexo II. Conta xustificativa de gastos e ingresos*

*Na xustificación de gastos relacionaranse os conceptos por un importe igual ou superior ao orzamento presentado coa solicitude.*

- *En caso de que se xustifiquen gastos por un importe igual ou superior ao do orzamento presentado, aboarase a totalidade da subvención.*
- *En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % e igual ou superiores ao 50 % do orzamento presentado, aboarase a parte proporcional da subvención.*
- *En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 50 % do orzamento presentado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.*
- *Na conta xustificativa especificaranse as facturas presentadas para xustificar a subvención concedida, e declararase que esas facturas non se utilizaron para xustificar outras subvencións.*
- *En caso de necesitar relacionar máis facturas, utilizarase o documento de continuación da conta xustificativa (anexo III).*

*Na xustificación de ingresos relacionaranse as axudas concedidas por outros organismos públicos para a finalidade subvencionada e declararase que o importe das subvencións concedidas por outros organismos públicos e os fondos propios ou privados para a actividade subvencionada non superaron o importe total dos gastos para a dita actividade.*

*En caso de que coa suma da subvención concedida e dos ingresos doutras subvencións ou axudas os clubs superasen o custo da finalidade subvencionada ou obtivesen beneficios, aboarase a parte proporcional da subvención para que non se supere o custo da actividade subvencionada.*

- *Xustificación con facturas*



*As entidades beneficiarias presentarán facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida.*

- *Anexo IV. Memoria de difusión*

*Memoria na que se xustifiquen as medidas de publicidade e difusión da subvención, por medio de fotografías que mostren de forma clara e inequívoca cada unha das actuacións requiridas.*

- *En caso de que as entidades non xustificasen correctamente as medidas de publicidade e difusión, o Servizo de Deportes poderá establecer unha dedución de ata o 10 % sobre o importe da subvención. Para a imposición destas deducións non fará falta tramitar un procedemento especial distinto ao da xustificación da subvención; o pago da subvención farase descontando o importe da dedución do importe concedido.*
- *A falta de xustificación total das medidas de difusión dará lugar á perda total do dereito ao cobro da subvención.*

- *Anexo V. Desprazamentos*

*Nas modalidades deportivas nas que os equipos deban cumprir un mínimo de campionatos, estes terán que presentar este anexo asinado pola federación correspondente.*

*A falta de xustificación dará lugar á perda total do dereito ao cobro da subvención. Excepcionalmente, e debido a unha situación extraordinaria de suspensións dos calendarios de competicións que imposibilite que a entidade complete os mínimos requiridos, a Deputación de Pontevedra poderá modificar os mínimos exixidos. As entidades deberán achegar xunto coa xustificación un certificado federativo no que se indique a suspensión ou o aprazamento das competicións e o motivo.*

*Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:*

- *Os gastos presentados na conta xustificativa deben estar aboados ás súas respectivas provedoras e provedores antes de presentar a xustificación da subvención. En caso de que o club non dispoña de fondos nese momento, terá un prazo máximo dun (1) mes desde que perciba a subvención para efectuar eses pagos. Se posteriormente, mediante control financeiro, se comprobase que algún dos gastos non se aboou ou se fixo fóra de prazo, este deixará de ser subvencionable.*
- *As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de aboamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos euros (900 €) implicará que este se considere non subvencionable.*
- *En caso de clubs que non teñan contabilidade, os gastos que non se aboen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.*
- *Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. Pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que renuncia á subvención e ditarase a resolución de perda do dereito ao cobro, que se lle notificará á dita entidade.*

*O pagamento das subvencións farase unha vez aprobada a xustificación, mediante transferencia bancaria á conta sinalada na solicitude, que deberá estar a nome da entidade beneficiaria.*

*Para cobrar a subvención, os clubs deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*



*Décimo novena. Obrigas en materia de publicidade e deducións por incumprimento*

*As entidades beneficiarias destas axudas deben levar a cabo as seguintes actuacións en materia de difusión e publicidade para cumprir coas condicións establecidas. O incumprimento destas medidas podería establecer deducións dunha porcentaxe da subvención concedida, segundo se detalla a continuación:*

*1. Roupa e equipamento de competición ou adestramento (dedución máxima do 5 % en caso de incumprimento):*

<i>Tamaño do logo</i>	<i>Clubs con subvención &gt; 5.000 €</i>	<i>Clubs con subvención ≤ 5.000 €</i>	<i>Dedución por incumprimento</i>
<i>Roupa de competición</i>	<i>Mínimo 20 x 5 cm</i>	<i>Deberá ser visible</i>	<i>- Se non ten logo, un 3 % - Se non cumpre a medida, un 1 %</i>
<i>Roupa de adestramento/viaxe</i>	<i>Deberá ser visible</i>	<i>Opcional</i>	<i>- Se non ten logo, un 1 %</i>
<i>Roupa de competición do resto dos equipos</i>	<i>Deberá ser visible</i>	<i>Opcional</i>	<i>- Se non ten logo, un 1 %</i>

*2. Espazos físicos e dixitais (dedución máxima do 5 % en caso de incumprimento):*

- Clubs con espazo de xogo: os clubs que dispoñan de espazos de xogos (pavillóns, pistas, piscinas etc.) deberán colocar un mínimo de lonas publicitarias nas súas instalacións en lugares estratéxicos que aseguren a súa visibilidade durante os eventos e adestramentos. Ademais, deberán garantir a presenza dixital do patrocinador na páxina web e nas redes sociais oficiais do club.*

<i>Espazos físicos e dixitais</i>	<i>Clubs con subvención &gt; 5.000 €</i>	<i>Clubs con subvención ≤ 5.000 €</i>	<i>Dedución por incumprimento</i>
<i>Lonas publicitarias</i>	<i>Mínimo de 4 lonas de 3 x 1</i>	<i>Mínimo de 2 lonas 3 x 1</i>	<i>- Por cada lona que non estea colocada, un 1 %</i>
<i>Páxina web ou redes sociais</i>	<i>Deberá estar na páxina web ou redes sociais</i>	<i>Deberá estar na páxina web ou redes sociais</i>	<i>- Se non está, un 1 %</i>

- Clubs sen espazo de xogo: para os deportes que non contan cun espazo de competición específico (como ciclismo etc.), a publicidade debe asegurarse mediante a visibilidade dixital (na páxina web e redes sociais do club) e a colocación do logo nos vehículos do club.*

<i>Espazos dixitais e vehículos</i>	<i>Clubs con subvención &gt; 5.000 €</i>	<i>Clubs con subvención ≤ 5.000 €</i>	<i>Dedución por incumprimento</i>
<i>Páxina web ou redes sociais</i>	<i>Deberá estar na páxina web ou redes sociais</i>	<i>Deberá estar na páxina web ou redes sociais</i>	<i>- Se non está, un 2,5 %</i>



Vehículos do club	Deberá ser visible	Deberá ser visible	- Se non está, un 2,5 %
-------------------	--------------------	--------------------	-------------------------

No caso de incumprimento das medidas publicitarias establecidas, os clubs deberán presentar unha xustificación detallada que explique as razóns do incumprimento. Esta xustificación será avaliada pola entidade subvencionadora e poderá dar lugar a unha revisión da subvención. Así mesmo, se os clubs levan a cabo outras accións publicitarias adicionais non contempladas nestas bases, deberán garantir que a Deputación, do mesmo xeito que outras administracións públicas que participen, sexan incluídas nas devanditas accións publicitarias, respectando sempre o principio de proporcionalidade en función da achega de cada Administración.

Para as subvencións de menos de mil cincocentos euros (1.500 €) só se terán que xustificar a difusión por medio dun dos apartados antes citados.

Todos os gastos derivados da produción dos elementos publicitarios mencionados correrán a cargo da entidade subvencionada, que se compromete a actualizar todos estes soportes publicitarios antes de presentar a xustificación.

De non incluír a imaxe da Deputación de Pontevedra nos termos establecidos, debido ás características da modalidade deportiva ou de calquera outra circunstancia, deberase propoñer unha alternativa, que será estudada polo Servizo de Deportes, para posteriormente propoñer a súa aprobación ou unha dedución da subvención.

A Deputación de Pontevedra poñerá á disposición das entidades subvencionadas os logotipos oficiais da imaxe corporativa en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) (área de descargas).

As entidades solicitantes deberán ter en conta para futuras actuacións estas medidas de difusión á hora de deseñar novos equipamentos ou calquera outra medida.

#### *Vixésima. Obrigas das entidades beneficiarias*

Ademais das previstas no artigo 14 da LXS, as entidades beneficiarias terán que cumprir o seguinte:

- As medidas de publicidade e difusión nos termos regulamentariamente establecidos nestas bases.
- Os demais supostos previstos nesta normativa reguladora das subvencións.
- As entidades beneficiarias deberán aprobar a liquidación da tempada. O acordo deberá ser aprobado pola asemblea ou órgano competente da entidade deportiva e indicarse de xeito expreso no acordo, e con carácter mínimo, o importe total dos gastos, o importe total de ingresos e o resultado da tempada. Ao abeiro do disposto no artigo 56 da LXS, o incumprimento desta obriga formal será considerado como infracción leve; esta comprobación realizarase posteriormente no caso dun control financeiro.

#### *Vixésimo primeira. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención*

As subvencións concedidas deberanse reintegrar cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.

Perderase o dereito a cobrar a subvención, total ou parcialmente, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes supostos:

- Por incumprir as obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.
- Por incumprir as obrigas de xustificación.
- Por incumprir as obrigas de adoptar medidas de difusión do financiamento público recibido.
- Polas demais causas establecidas na normativa de subvencións.



#### *Vixésimo segunda. Control financeiro*

*A entidade beneficiaria, de acordo co establecido nos apartados 5 e 6 do artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016, estará suxeita ao control financeiro que se poida exercer, no prazo de catro (4) anos, contados desde o pagamento da subvención, e indicaráselle que, en caso de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe destes).*

*O control financeiro fará referencia a todos os gastos e ingresos da actividade subvencionada, que deberá integrar a totalidade de gastos finais resultantes dos gastos subvencionables presentados coa solicitude, así como o resto de gastos que a entidade estime imputables á tempada (posibles gastos que non se reflecten na solicitude).*

*Esta contabilidade deberá estar reflectida nos libros contables co total de gastos e de ingresos; en caso de ser positiva, a entidade deberá reintegrar o importe resultante, conforme a lexislación vixente, na que se indica que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.*

*É importante determinar o inicio e a finalización da tempada e os gastos e ingresos que se lle imputan, especialmente en caso de que existan outras actividades complementarias, compatibles co seu obxecto social, de carácter industrial, comercial ou de servizos, e destinar os seus bens ou recursos a estes obxectivos (como poden ser escolas deportivas, eventos, campus deportivos...). Estas actividades deberán reflectirse nos libros contables de maneira independente e, en caso de que a entidade presentase un balance anual positivo, debe quedar reflectido a que actividade se lle imputa ese superávit.*

#### *Vixésimo terceira. Órgano de aprobación*

*De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o ano 2026 e cumprindo co establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.*

#### *Vixésimo cuarta. Dereito supletorio*

*Para o non disposto nestas bases contemplárase o establecido no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*

#### *Vixésimo quinta. Publicidade da convocatoria*

*Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.*

*Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.*

#### *Vixésimo sexta. Protección de datos*

*Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.*

*A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.*



*Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.*

*As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”*

3. 36336.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE FORCAREI PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL A ACTUACIÓN 1 “ECORUTA GALICIA POR DENTRO”, RECOLLIDO NO PROXECTO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DEZA - TABELÓS TERRA DE MONTES. “OS CAMIÑOS POR DENTRO”, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU. (EXPTE. 2026014919)

#### I. ANTECEDENTES

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa “NextGeneration EU” dotado con 750.000 millóns de euros, un instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus, desenvolvido conforme ao Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, que constitúe o núcleo deste Fondo de Recuperación.

A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membros para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise do COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.

Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarios para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

No caso de España a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económico e Transformación Dixital, dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

As inversións do citado Plan de España canalízanse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias que, respectando o marco competencial, levaranse a cabo polos ministerios, empresas públicas estatais ou polas propias comunidades autónomas.



A Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, veu traballando en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro do seu ámbito competencial.

A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, de acordo co previsto na orde do día, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia se instrumenta ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan o tres niveles de administracións turísticas; Administración Xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

A súa aprobación permitiu o inicio da convocatoria correspondente ao exercicio 2021 do Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, dirixida a entidades locais, no contexto da submedida 2 do investimento 1 do Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico, compoñente 14 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante, PRTR). No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre o tres niveles da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización. Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

### 1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.
- R.D. 2568/86, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- R.D. Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS) e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Y demais lexislación concordante de aplicación.

Así mesmo, tratándose dun proxecto cofinanciado polo Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia atenderase á seguinte normativa:

- Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas á financiación do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.



- Real Decreto 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro polo que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación trala crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.
- Resolución de 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

## 2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra mediante un proceso participativo e de colaboración entre as administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino presentou o 15 de setembro de 2021 o proxecto “DEZA TABELIRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO”.

O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo xeral: Impulsar a transformación do sector turístico das comarcas e orientalo a un modelo de ecoturismo do Camiño e a unha experiencia memorable para os viaxeiros. Así, no marco do Plan Nacional Turístico Xacobeo 21-22, a transformación do modelo turístico en Deza e Tabeirós-Terra de Montes basearase en potenciar os recursos naturais e culturais do territorio coa finalidade de estruturar unha oferta atractiva e singular ao redor dos valores naturais e patrimoniais nos camiños xacobeos da comarca, que garanta unha máis alta permanencia do viaxeiro e unha mellora na calidade da experiencia. O plan prevé transformar o destino, cun maior aproveitamento dos recursos do territorio, a mellora das infraestruturas e a activación de novas iniciativas que garantan a posta en valor dos camiños xacobeos para os peregrinos, pero que tamén se convertan no fío condutor de produtos e actividades orientadas para calquera viaxeiro interesado co ecoturismo e nunha experiencia de achegamento á identidade do territorio.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: Ata 30 de maio

Ámbito de actuación do proxecto: Os concellos de Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces na comarca de Deza e os da Estrada e Forcarei na comarca Tabeirós-Terra de Montes.

Actuacións:



Actuacións
ACT001. Ecoruta Galicia por dentro
ACT002. Áreas de refuxio do peregrino
ACT003. Posta en valor do recurso ecosistémico da Rapa das Bestas
ACT004. Intervencións de mellora da camiñabilidade da Vía da Prata
ACT005. Instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos
ACT006. A peribici. Mobilidade sostible nos Camiños Deza - Tabeirós Montes
ACT007. Sinalización turística intelixente e Smartguide dos recursos vinculados ós Camiños de Santiago
ACT008. Museografía dixital dos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro e experiencia dixital Rapa das Bestas
ACT009. Comunicación dixital camiño da Geira e dos Arrieros e Miñoto Ribeiro
ACT010. Plan de marketing dixital, central de reservas e promoción do destino
ACT011. Plan de formación sectorial
ACT012. Singularización dos Camiños de Santiago e impulso ó recoñecemento oficial
ACT013. Mesa de Turismo Sostible e Pacto Local
ACT014. Apoio ó ente xestor: coordinación avaliación e seguimento

Financiación: 100% o Ministerio.

Orzamento financiable: 2.069.000,00 euros (sen IVE, non sendo este financiable).

Subvención proposta: 2.069.000,00 euros (sen IVE).

O 8 de decembro de 2021 publícase no BOP o Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro, polo que regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de Sustentabilidade turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No artigo 4 de Entidades beneficiarias sinala, entre outras, á Deputación de Pontevedra, e no artigo 7 referido ás contías e financiamento detalla a dotación financeira total para a Deputación de Pontevedra en 2.069.000,00 €.



O desagregación por conceptos do orzamento financiable e distribución da aportación é o seguinte:

Actuación	Orzamento financiable	IVE (aportación da Deputación)
ACT001. Ecoruta Galicia por dentro	229.000,00 €	48.090,00 €
ACT002. Áreas de refuxio do peregrino	195.000,00 €	40.950,00 €
ACT003. Posta en valor do recurso eco sistémico da Rapa das Bestas	105.000,00 €	22.050,00 €
ACT004. Intervencións de mellora da camiñabilidade da Vía da Prata	223.000,00 €	46.830,00 €
ACT005. Instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos	40.000,00 €	8.400,00 €
ACT006. A peribici. Mobilidade sostible nos Camiños Deza - Tabeirós Montes	180.000,00 €	37.800,00 €
ACT007. Sinalización turística intelixente e Smartguide dos recursos vinculados aos Camiños de Santiago	210.000,00 €	44.100,00 €
ACT008. Museografía dixital dos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro e experiencia dixital Rapa das Bestas	275.000,00 €	57.750,00 €
ACT009. Comunicación dixital Camiño da Geira e dos Arrieros e Miñoto Ribeiro	115.000,00 €	24.150,00 €
ACT010. Plan de marketing dixital, central de reservas e promoción do destino	190.000,00 €	39.900,00 €
ACT011. Plan de formación sectorial	60.000,00 €	12.600,00 €
ACT012. Singularización dos Camiños de Santiago e impulso ao recoñecemento oficial	163.000,00 €	34.230,00 €
ACT013. Mesa de Turismo Sostible e Pacto Local	24.000,00 €	5.040,00 €
ACT014. Apoio ao ente xestor: coordinación avaliación e seguimento	60.000,00 €	12.600,00 €
<b>Total de gastos</b>	<b>2.069.000,00 €</b>	<b>434.490,00 €</b>



Distribución da aportación	Orzamento
Aportación Ministerio	2.069.000,00 €
Aportación Deputación de Pontevedra (IVE)	434.490,00 €
TOTAL	2.503.490,00 €

Que o Concello de Forcarei mostrou o seu compromiso de participar no proxecto no proceso participativo levado a cabo para a redacción do plan de sustentabilidade turística, priorizando nese momento unha selección de actuacións dentro do proxecto a implementar dentro do seu termo municipal.

O artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas de Modernización do Goberno Local, atribúe ás deputacións competencias en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Doutra banda, os municipios, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e, por tanto, partícipes fundamentais nos eixos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; á vez que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os municipios e a cidadanía poidan alcanzar os mesmos dereitos e servizos.

Para a execución das actuacións do proxecto é necesario articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello mediante un convenio que constitúe o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 57 da LRBRL e 198 e seguintes da LALGA.

En consecuencia, o obxecto de convenio é articular ditas bases para a execución de actuacións seleccionadas polo concello no seu termo municipal dentro do marco do citado proxecto.

Especifícase no convenio, entre outras cláusulas, as características e requisitos da actuación 1 “Ecoruta Galicia por Dentro”, o importe e financiamento, os compromisos das partes, vixencia do convenio e a súa extinción, contendo, polo menos, o contido establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo acompáñase da correspondente memoria xustificativa onde se analizan todos os aspectos aos que se refire o artigo 50.1 da citada Lei.

O 13 de marzo de 2026 emítase informe sobre a necesidade de aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Forcarei para levar a cabo parte da actuación “ECORUTA Galicia Por dentro” no marco do Plan de Sustentabilidade Turística Os Camiños por Dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU((CSV):NAFLK6W1AMXJFONX .



O 13 de marzo de 2026 emítese informe xurídico sobre o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Forcarei (CSV):JSQ3SD9K31D0M9SK.

O 23 de marzo de 2026 Intervención emite informe con observacións (CSV):ELIJGSRZPSN2ELPR e certifica a existencia de crédito por importe de 200.000,00 € nas aplicacións orzamentarias do proxecto de gasto 92210004, nas que se xerou crédito pola achega do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

### 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación deste convenio é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16.2 de execución do vixente orzamento Deputación de Pontevedra.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar o Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Forcarei, para levar a cabo a actuación “Ecoruta Galicia por dentro”, no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU cuxo texto é como segue:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE FORCAREI PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL A ACTUACIÓN 1 “ECORUTA GALICIA POR DENTRO”, RECOLLIDO NO PROXECTO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DEZA - TABELIRÓS TERRA DE MONTES. VOS CAMIÑOS POR DENTRO”, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU.

En Pontevedra, na data da firma electrónica.

Dunha parte, D. Luís López Diéguez, quen actúa en nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, Dna. Belén Cachafeiro Anta, quen actúa en nome e na representación do Concello de Forcarei, en virtude da súa condición de Alcaldesa-presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21.1.b da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D. Carlos Cadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense recíprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base aos principios de colaboración, cooperación,



coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo.

## EXPOÑEN

- I. Que ambas as institucións comparten o principio de que os municipios, como administracións democraticamente elixidas, deben ser os axentes protagonistas e partícipes fundamentais nos ámbitos nos que se definen, deseñan e impulsan as políticas públicas de carácter local. Así mesmo, ambas as partes coinciden en que as deputacións provinciais deben actuar como institucións de cooperación local, desenvolvendo políticas, plans e actuacións que faciliten que os municipios e a cidadanía poidan acceder en condicións de igualdade aos mesmos dereitos e servizos.
- II. Que a Unión Europea, mediante o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, estableceu o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) como instrumento principal do programa NextGenerationEU, destinado a financiar investimentos e reformas orientadas a unha recuperación sustentable, dixital e resiliente.
- III. Que o Goberno de España aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) por Acordo do Consello de Ministros de 27 de abril de 2021, cuxa publicidade se deu mediante Resolución de 29 de abril de 2021. O Compoñente 14 do PRTR inclúe o investimento C14.I1, relativa ao Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD), unha actuación cooperada entre a Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e as entidades locais.
- IV. Que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión de 28 de xullo de 2021, aprobou a Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, que regula os criterios de selección, as obrigacións de xestión e as esixencias de seguimento, control e xustificación aplicables aos PSTD financiados con cargo ao PRTR.
- V. Que a Deputación Provincial de Pontevedra presentou á convocatoria extraordinaria de PSTD 2021 o proxecto “Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os Camiños por Dentro”, que foi aprobado pola Secretaría de Estado de Turismo conforme á Resolución de 14 de setembro de 2022.
- VI. Que o PSTD Deza-Tabeirós Terra de Montes contempla, entre outras, a Actuación 1 “Ecoruta Galicia por dentro”, cuxa finalidade é mellorar a calidade, seguridade e sinalización de rutas vinculadas aos Camiños de Santiago e ao turismo activo; e reforzar a posta en valor de recursos naturais e patrimoniais estratéxicos do territorio.
- VII. Que a Actuación 1: “Ecoruta Galicia por Dentro”, integrada no PSTD, contempla diversas intervencións orientadas á mellora, posta en valor e posicionamento turístico de rutas vinculadas aos camiños de Santiago no territorio da comarca e no concello de Forcarei, que trasladou á Deputación a necesidade de prover de recursos para a mellora de carreiros e elemento patrimoniais de natureza turística do municipio, sendo o Concello a administración competente para a súa contratación e execución.
- VIII. Que o prazo de execución do PSTD foi ampliado até o 30 de maio de 2026 mediante a modificación aprobada ao amparo do Real Decreto 635/2025, de 15 de xullo, que adapta igualmente o convenio á nova redacción dos fitos e obxectivos do PRTR e actualiza a programación e distribución financeira.
- IX. Que, conforme á resolución de concesión e á normativa aplicable, corresponde á Deputación Provincial de Pontevedra a coordinación da execución do PSTD Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os Camiños por Dentro, garantindo o cumprimento das obrigacións derivadas do PRTR, incluído o principio de DNSH, a etiquetaxe climática e dixital, a trazabilidade dos fondos e as medidas antifraude previstas nas Ordes HFP/1030/2021 e HFP/1031/2021.



X. Que, por todo iso, ambas as Administracións consideran necesario subscribir o presente convenio, ao amparo dos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, co fin de articular a colaboración para a execución parcial da Actuación 1 “Ecoruta Galicia por Dentro” do PSTD Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os Camiños por Dentro, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

#### XI. Competencia e fundamento xurídico da actuación

A Deputación Provincial de Pontevedra actúa no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 36.1.b) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, relativas á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, así como na asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Así mesmo, actúa na súa condición de entidade beneficiaria do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os Camiños por Dentro”, conforme á Resolución de 14 de setembro de 2022 ditada ao amparo do Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro, correspondéndolle a coordinación, seguimento e control da execución do PSTD.

O Concello de Forcarei actúa no exercicio das competencias propias que lle atribúe o artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, en materia de promoción e xestión de actividades culturais e turísticas de interese local, así como en materia de equipamentos culturais, xestión de infraestruturas municipais e desenvolvemento local, todo iso no ámbito do seu termo municipal.

A actuación obxecto do presente convenio incardínase nas devanditas competencias propias e no marco de cooperación interadministrativa previsto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

#### XII. Interese público, carácter singular e xustificación da non concorrencia competitiva

A actuación obxecto do presente convenio responde a un interese público de carácter estratéxico, en tanto se integra no Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os Camiños por Dentro”, aprobado pola Secretaría de Estado de Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Compoñente 14, Investimento 1).

O acondicionamento das rutas dos camiños de Santiago ao seu paso polo concello de Forcarei, así como o acondicionamento de elementos patrimoniais de natureza museística, constitúen actuacións necesarias para mellorar a competitividade do destino, impulsar a súa sustentabilidade ambiental, reforzar a calidade dos servizos públicos locais e contribuír ao cumprimento dos fitos e obxectivos comprometidos polo Reino de España ante a Unión Europea.

O carácter singular da actuación deriva de que se trata dunha intervención concreta, expresamente prevista na memoria aprobada do PSTD e vinculada a elementos de titularidade municipal situados no termo municipal de Forcarei, cuxa execución corresponde exclusivamente á devandita entidade local en exercicio das súas competencias propias.



O financiamento articulado mediante o presente convenio se incardina no previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, ao tratarse dunha actuación cuxo outorgamento vén imposto por unha norma con rango de lei ou pola aprobación dun instrumento de planificación previamente determinado, que identifica de maneira específica a entidade executora e a actuación a desenvolver.

A natureza pechada do proxecto, a súa integración nun plan estratéxico previamente aprobado pola Secretaría de Estado de Turismo e o seu financiamento íntegro con cargo ao PRTR exclúen a posibilidade de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, ao non tratarse dunha liña de axudas aberta senón da execución descentralizada dunha actuación predeterminada dentro dun plan xa aprobado.

En consecuencia, a formalización do presente convenio constitúe o instrumento xurídico adecuado para articular a cooperación interadministrativa necesaria para a súa execución. En virtude de canto antecede, e ao amparo das competencias e fundamentos xurídicos expostos, as partes acordan a subscripción do presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Forcarei para a execución parcial da Actuación 1 “Ecoruta Galicia por Dentro”, integrada no Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os Camiños por Dentro, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

As actuación a executar polo Concello consisten en:

- “Acondicionamento de sendeiros e elementos ao seu paso polo Concello de Forcarei”, que inclúe:
  - o Sinalización e acondicionamento de Camiño Miñoto Ribeiro e Camiño dá Geira e dous Arrieiros e As Neveiras de Fixó.
  - o Acondicionamento, sinalización e posta en valor da ferverza da Graña e acondicionamento do camiño da ferverza de Chamosa.
  - o Acondicionamento da Ruta das Pontes do Lerez.
- “Obras de acondicionamento e accesibilidade de salas do museo etnográfico de Soutelo de Montes”.

As actuacións desenvolveranse conforme á programación aprobada na resolución de concesión do PSTD Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os Camiños por Dentro e na súa modificación aprobada ao amparo do Real Decreto 635/2025, de 15 de xullo, que amplía o prazo de execución e adapta o proxecto á nova redacción dos fitos e obxectivos do PRTR. A súa execución someterase ao establecido no Regulamento (UE) 2021/241, na normativa nacional aplicable ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, especialmente, na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, e na Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro.

### SEGUNDA. ACTUACIÓNS A DESENVOLVER

#### 1. Actuacións obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto a execución de dúas sub-actuacións dentro da Actuación 1 “Ecoruta Galicia por Dentro”, do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Deza-Tabeirós “Os Camiños por Dentro”:



A) A primeira sub-actuación consiste nun conxunto de obras destinadas a mellorar a calidade, seguridade e sinalización de rutas vinculadas aos Camiños de Santiago e ao turismo activo; coa finalidade de reforzar a posta en valor de recursos naturais e patrimoniais estratéxicos do territorio; mellorar a estruturación e coherencia da oferta turística do destino, e incrementar a competitividade do territorio mediante a mellora da experiencia do visitante.

As actuación a executar polo Concello son as seguintes:

- Sinalización e acondicionamento de Camiño Miñoto Ribeiro e Camiño dá Geira e dous Arrieiros e As Neveiras de Fixó.
- Acondicionamento, sinalización e posta en valor da fervenza da Graña e acondicionamento do camiño da fervenza de Chamosa.
- Acondicionamento da Ruta das Pontes do Lerez.

B) A segunda sub-actuación está destinada a mellorar os elementos patrimoniais e museísticos dos Camiños ao seu paso polo concello de Forcarei, co fin de diversificar a oferta turística e crear novos produtos de peregrinación que contribúan a xerar novos focos turísticos; e de incrementar o atractivo dos itinerarios e transmitir os seus valores singulares.

As actuación a executar polo concello son as seguintes:

- “Obras de acondicionamento e accesibilidade de salas do museo etnográfico de Soutelo de Montes”.

A actuación obxecto deste convenio integrarase como subproyecto específico dentro do PSTD na plataforma COFFEE do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

## **2. Actuacións a executar pola Deputación Provincial de Pontevedra**

Na súa condición de entidade beneficiaria do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Deza–Tabeirós Terra de Montes. Os Camiños por Dentro” nte a Secretaría de Estado de Turismo, a Deputación Provincial de Pontevedra asumirá a coordinación xeral do PSTD e a interlocución institucional cos órganos estatais competentes.

En particular, corresponderá á Deputación:

- A apertura e configuración do subproyecto correspondente na aplicación COFFEE ou plataforma que a substitúa.
- A habilitación do Concello de Forcarei como entidade executora para a carga directa da información relativa aos seus expedientes de contratación.
- A supervisión global do grao de execución do subproyecto en relación cos fitos, obxectivos e prazos do PSTD.
- A revisión final da documentación xustificativa antes da súa integración na xustificación global do PSTD e remisión á Secretaría de Estado de Turismo.
- A presentación da xustificación global so PSTD nos termos esixidos pola normativa PRTR.

A carga material dos datos relativos aos contratos e actuacións executadas na aplicación COFFEE será responsabilidade directa do Concello de Forcarei. O Concello será así mesmo responsable da veracidade,



integridade e actualización da información introducida na devandita plataforma, así como das consecuencias derivadas da súa omisión, atraso ou incorrecta cumplimentación, sen prexuízo das funcións de supervisión e coordinación que corresponden á Deputación Provincial de Pontevedra como entidade beneficiaria do PSTD.

### **3. Actuacións a executar polo Concello de Forcarei.**

Corresponde ao Concello de Forcarei a contratación, execución e correcta finalización das actuacións previstas no presente convenio, asumindo as obrigacións que lle correspondan na súa condición de entidade executora dentro do PSTD Deza-Tabeirós Terra de Montes, comprendendo, entre outras, as seguintes tarefas:

a) Contratación e execución das obras e servizos necesarios para o desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio, conforme ao alcance definido no mesmo, incluíndo, no seu caso, a redacción de proxectos técnicos, a dirección facultativa das obras e a coordinación de seguridade e saúde cando resulte preceptiva.

b) Xestión integral do procedemento de contratación, incluíndo: aprobación do proxecto técnico (se fose preceptivo), aprobación do expediente e dos pregos; licitación, adxudicación e formalización do contrato; tramitación das incidencias contractuais que puidesen producirse.

c) A execución da actuación conforme aos requisitos, procedementos e obrigacións derivados do PRTR, incluíndo DNSH, trazabilidade, integridade da información, publicidade, contratación pública e xustificación, sen prexuízo do seu desenvolvemento en cláusulas posteriores.

d) Modificacións contractuais; Calquera modificación do contrato de obras que afecte ao alcance da actuación, ao orzamento, ao calendario de execución ou aos fitos e obxectivos vinculados ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia deberá ser comunicada previamente á Deputación Provincial de Pontevedra.

Cando ditas modificacións poidan afectar á elixibilidade do gasto, ao financiamento previsto no PSTD ou aos compromisos asumidos ante a Secretaría de Estado de Turismo, será necesaria a autorización previa da Deputación Provincial de Pontevedra e, no seu caso, do órgano competente da Administración Xeral do Estado.

En ningún caso poderán imputarse con cargo ao financiamento previsto neste convenio os incrementos de custo derivados de modificacións contractuais que non fosen previamente autorizadas nos termos sinalados. Os gastos que puidesen derivarse das devanditas modificacións serán asumidos integramente polo Concello de Forcarei.

### **4. Titularidad dos resultados**

As obras realizadas en execución do presente convenio quedarán integradas no patrimonio do Concello de Forcarei, quen asumirá o seu mantemento, conservación e destino conforme á finalidade prevista durante o período esixido pola normativa PRTR.

A Deputación Provincial de Pontevedra non ostentará dereitos de propiedade sobre as obras realizadas, sen prexuízo das súas facultades de control, supervisión e verificación no marco do PSTD e do PRTR.



## 5. Documentos de referencia

As actuacións a executar deben axustarse a:

- A descrición, alcance e orzamento da actuación 1 do PSTD Deza - Tabeirós Terra de Montes.
- A programación aprobada do PSTD “Deza – Tabeirós Terra de Montes. Os camiños por dentro”, na que se integran as obras descritas no Concello de Forcarei.

Calquera modificación substancial do contrato deberá ser obxecto de aprobación previa pola Deputación Provincial de Pontevedra e, no seu caso, de autorización por parte da Secretaria de Estado de Turismo cando afecte á elixibilidade, ao orzamento ou aos fitos e obxectivos do PRTR.

## TERCEIRA. OBRIGACIÓNS DAS PARTES

### 1. Obrigacións da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar a actuación até un máximo de 200.000,00 € (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 433.4324.762.22 (Proxecto 92210004 PSTD Deza Tabeiros Terra de Montes “Os camiños por dentro”).

Así mesmo, corresponde á Deputación realizar as funcións de seguimento, supervisión e control do desenvolvemento dos subproyectos, velando pola súa correcta execución técnica e económica, polo cumprimento dos fitos e obxectivos establecidos no marco do PRTR, e polo respecto ás obrigacións asociadas ao financiamento con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

A Deputación coordinará co concello as accións de comunicación, difusión e visibilidade vinculadas ao subproyecto, asegurando o cumprimento das obrigacións de transparencia previstas na normativa PRTR.

Igualmente, a Deputación velará pola prevención do dobre financiamento do subproyecto e comunicará á Secretaria de Estado de Turismo calquera outra axuda que puidese recibir o Concello para o mesmo fin e garantindo a existencia dunha contabilidade separada ou equivalente das actuacións imputables ao PSTD e presentará a xustificación correspondente ao servizo ou subministración contratada ante a Secretaria de Estado de Turismo nos prazos establecidos e conforme aos requisitos esixidos pola normativa do PRTR.

Na súa condición de responsable da coordinación do PSTD, a Deputación revisará a xustificación presentada polo concello e poderá requirir canta información, documentación ou aclaración resulte necesaria para garantir o adecuado cumprimento das obrigacións derivadas do PRTR e a correcta aplicación dos fondos.

### 2. Obrigacións Concello de Forcarei

O Concello de Forcarei comprométese a executar e pagar en tempo (antes do 30 de maio) e forma as actuacións descritas neste convenio, conforme á resolución de concesión do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os camiños por dentro”, á súa modificación aprobada ao amparo do Real Decreto 635/2025, de 15 de xullo, e á ficha oficial da Actuación 1 do citado PSTD.



Corresponde ao concello a tramitación completa do expediente de contratación, incluíndo: a aprobación do proxecto (cando proceda), a elaboración e aprobación dos pregos e documentación técnica necesaria, a licitación, adxudicación e formalización do contrato, e calquera modificación contractual que resulte necesaria, sempre dentro dos límites establecidos pola normativa do PRTR e previa autorización da Deputación cando proceda.

O concello será responsable de obter as licenzas, autorizacións e permisos que sexan precisos e de executar todas as obras, subministracións, acometidas e actuacións complementarias necesarias para a posta en uso do espazo museístico.

Unha vez recepcionada a obra, o concello asumirá o mantemento e conservación da infraestrutura e os seus compoñentes durante un período mínimo de cinco anos, garantindo que non se produzan modificacións substanciais que alteren a súa natureza ou finalidade. Así mesmo, velará por que a infraestrutura se destine exclusivamente ao uso previsto e elaborará informes anuais de inventario e seguimento do seu mantemento.

O concello comunicará inmediatamente á Deputación a obtención doutras axudas ou subvencións destinadas á mesma finalidade e comprométese a devolver as cantidades indebidamente percibidas ou non xustificadas, así como os intereses que correspondan cando cumpra.

No caso de que se produza un reintegro total ou parcial da subvención por causas imputables ao concello, leste deberá reintegrar á Deputación Provincial de Pontevedra as cantidades afectadas, incluídos os intereses de demora que correspondan.

### **3. Obrigacións vinculadas ao PRTR**

O concello asume integramente as obrigacións establecidas pola normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular as seguintes:

- a) Cumprimento normativo e de fitos e obxectivos; Cumprir a normativa europea e nacional aplicable ao PRTR e asegurar o cumprimento dos fitos e obxectivos asignados ao subproyecto, con especial atención aos prazos establecidos no Real Decreto 635/2025, na Modificación da Resolución de concesión e neste convenio.
- b) DNSH, sustentabilidade e economía circular; Cumprir o principio de “non causar un prexuízo significativo” (DNSH), de acordo co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, a Guía Técnica 2021/C 58/01 e a normativa ambiental aplicable.
- c) Etiquetado dixital; Garantir o cumprimento da etiquetaxe verde e dixital que corresponda á actuación, facilitando a información necesaria para a súa verificación.
- d) Prevención da fraude, corrupción e conflitos de interese; Cumprir a Orde HFP/1030/2021, achegando as DACI do persoal implicado e dos subcontratistas, e adoptando as medidas necesarias para previr, detectar e corrixir a fraude, a corrupción, o conflito de interese e o dobre financiamento. O Concello declara o seu compromiso co Plan antifraude municipal e coas medidas establecidas pola Deputación Provincial de Pontevedra como entidade coordinadora do



- PSTD, incluíndo a realización da análise sistemática do risco de conflito de interese mediante a ferramenta MINERVA conforme á Orde HFP/55/2023.
- e) Trazabilidade, datos e cesión de información PRTR; Cumprir a Orde HFP/1031/2021, garantindo a trazabilidade dos fondos, a contabilidade separada ou equivalente e a subministración da información esixida, incluíndo a relativa a subcontratistas, titulares reais, contratistas e destinatarios finais.
  - f) Control, verificación e auditoría; Someterse ás actuacións de control e auditoría da Deputación, a Xunta de Galicia, a Administración Xeral do Estado, a IGAE, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, a Comisión Europea e o Tribunal de Contas Europeo, facilitando toda a documentación requirida en formato electrónico.
  - g) Conservación documental: Conservar a documentación justificativa durante cinco anos (ou tres anos cando o financiamento non supere 60.000 euros), conforme á normativa europea de aplicación.
  - h) Publicidade PRTR: Cumprir as obrigacións de información, comunicación e visibilidade previstas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 e no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021.

#### 4. Obrigacións de xustificación e prazo específico

O prazo máximo para a execución e pago efectivo das actuacións contempladas no presente convenio será o 30 de maio de 2026, segundo establécese no RD 635/2025, de 15 de xullo, que modifica o artigo 6 do Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro.

O concello deberá presentar ante a Deputación Provincial de Pontevedra a xustificación técnica e económica completa da actuación, incluíndo todos os documentos, datos e evidencias esixidos pola normativa do PRTR, **antes do 10 de xuño de 2026**, co fin de permitir á Deputación cumprir os prazos de xustificación derivados do RD 635/2025 e da Modificación da resolución da concesión.

O incumprimento desta obrigación ou deste prazo terá a consideración de incumprimento esencial do presente convenio, podendo dar lugar ao reintegro das cantidades recibidas, sen prexuízo das demais responsabilidades que resulten aplicables.

#### 5. Responsabilidade por incumprimento

O concello manterá unha comunicación permanente coa Deputación de Pontevedra (Turismo Rías Baixas), informando o grao de execución, incidencias e resultados obtidos, e facilitando toda a información necesaria para o seguimento e control do convenio e para o cumprimento das obrigacións que a Deputación asume como entidade beneficiaria do PSTD.

### CUARTA. RÉXIME ECONÓMICO, XUSTIFICACIÓN E FINANCIAMENTO

#### Importe, orixe e natureza dos fondos

A actuación obxecto do presente convenio está subvencionada ao 100 % con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), Compoñente 14, Investimento 1 (Plans de Sustentabilidade Turística en Destino).



A Deputación Provincial de Pontevedra financiará o importe finalmente executado, certificado e liquidado da actuación (obras e servizos), sempre que sexan elixibles conforme á normativa do PRTR, até un máximo de 200.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 433.4324.762.22 (Proxecto 92210004 PSTD Deza Tabeiros terra de Montes “Os camiños por dentro”).

Os fondos teñen carácter estritamente finalista, debendo destinarse integramente ás actuacións definidas na cláusula segunda, non podendo aplicarse a gastos distintos nin a conceptos non elegibles conforme á normativa PRTR.

### **Modalidade de pago**

De conformidade co artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, o pago da achega económica regulada neste convenio realizarase mediante transferencia bancaria unha vez que o Concello de Forcarei xustifique adecuadamente a realización da actuación para o que se concede a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora das subvencións públicas.

### **Xustificación dos fondos**

A modalidade de xustificación será a de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, debendo o concello presentar a seguinte documentación:

#### **1. Documentación xeral:**

- Facturas rexistradas no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas (FACE) ou plataforma equivalente.
- Contrato.
- Acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente .
- Certificacións de obra executada.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento financiado.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, aprobadas ou pendentes de resolución.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas do artigo.
- 10.2 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

#### **2. Documentación a presentar coa primeira certificación:**

- Acta de comprobación do replanteo.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento financiado.
- Nomeamento do/da Director/a de obra e do/da Coordinador/a de Seguridade e Saúde.
- Contrato de adxudicación da obra.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, aprobadas ou pendentes de resolución.
- Acordo ou resolución de aprobación do proxecto de investimento.

#### **3. Documentación a presentar coa última certificación**

- Informe final do/da Director/a de obra.
- En caso de existir modificado contractual, certificación acreditativa da súa tramitación conforme á LCSP.
- Acta de recepción da obra.



- Proba gráfica da difusión dada ao investimento financiado.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, aprobadas ou pendentes de resolución.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas do artigo 10.2 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

#### 4. Outra documentación

O concello deberá achegar calquera outra documentación exigible pola normativa vixente ou necesaria para comprobar a correcta execución do obxecto do convenio.

No caso de incumprimento do prazo e/ou perda da subvención, o concello de Forcarei faculta expresamente á Deputación de Pontevedra para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lles poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2027 no Plan + Provincia.

O concello deberá presentar ante a Deputación Provincial de Pontevedra a xustificación técnica e económica completa da actuación antes do 10 de xuño de 2026, co fin de permitir á Deputación cumprir os prazos de xustificación establecidos no Real Decreto 635/2025 de 15 de xullo e na modificación da Resolución de concesión de 21 de outubro de 2025. A xustificación técnica e económica deberá incluír, necesariamente, unha memoria técnica xustificativa da actuación executada, asinada por persoal técnico competente do Concello, na que se recolla, polo menos:

- a) Descrición detallada das actuacións realizadas, con indicación da súa adecuación ao expediente de contratación tramitado e, no seu caso, ás modificacións autorizadas.
- b) Grao de execución física e temporal da actuación, con indicación das datas relevantes e, no seu caso, incidencias producidas durante a execución do servizo ou subministración.
- c) Acreditación do cumprimento dos obxectivos e fitos asignados á actuación no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino.
- d) Xustificación do cumprimento do principio de “non causar un prexuízo significativo” (DNSH), así como da etiquetaxe dixital aplicable á actuación.
- e) Relación das evidencias achegadas en materia de publicidade, información e visibilidade do PRTR, conforme ao artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, á Orde HFP/1030/2021 e ao Manual de Imaxe do PRTR.
- f) Calquera outra información técnica relevante para a correcta verificación da actuación e da elixibilidade do gasto.

A memoria técnica xustificativa formará parte inseparable da xustificación final e a súa ausencia ou insuficiencia terá a consideración de xustificación incompleta, aos efectos previstos no presente convenio.



Este prazo é improrrogable e constitúe condición esencial do convenio. O incumprimento do mesmo, ou a presentación dunha xustificación incompleta, terá a consideración de incumprimento esencial, podendo dar lugar ao reintegro das cantidades xa percibidas.

### **Comprobación e conformidade por parte da Deputación**

A Deputación levará a cabo a revisión da xustificación presentada, podendo requirir ao Concello a subsanación de calquera defecto, a achega de documentación adicional ou a aclaración de aspectos técnicos ou económicos.

A validación da xustificación por parte da Deputación acreditará :

- A correcta execución da actuación.
- A elixibilidade do gasto.
- O cumprimento das obrigacións PRTR.
- A adecuación aos fitos e obxectivos previstos.

### **Imposibilidade de dobre financiación**

O concello garante que os gastos imputados a este convenio non recibirán financiamento adicional procedente de ningunha outra administración pública ou entidade privada, nacional ou internacional. Calquera axuda adicional deberá comunicarse de forma inmediata á Deputación.

### **Gastos non elixibles e achegas municipais**

Serán por cargo do Concello:

- Os gastos non elixibles conforme á normativa PRTR e ao PSTD.
- Os importes derivados de modificacións do contrato ou da actuación que non fosen autorizadas nos termos previstos neste convenio ou que excedan o alcance aprobado na resolución de concesión e na súa modificación ao amparo do Real Decreto 635/2025.
- Calquera custo adicional necesario para a correcta execución, instalación, integración ou posta en funcionamento das actuacións previstas que non estea incluído dentro do orzamento financiado con cargo ao PRTR.

### **Control financeiro externo**

Os fondos xestionados no marco deste convenio quedan sometidos á fiscalización e control do Tribunal de Contas, do Consello de Contas de Galicia, así como dos órganos nacionais e europeos de auditoría e verificación do PRTR.

O concello deberá facilitar tanta información ou documentación lle sexa requirida durante todo o período de vida do proxecto e durante o tempo de conservación documental esixido pola normativa PRTR.

## **CLÁUSULA QUINTA. PROCEDIMENTO DE EXECUCIÓN E NORMATIVA APLICABLE** **Normativa PRTR e marco regulatorio**



A execución das actuacións financiadas mediante este convenio axustarase ao establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia; na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR; na Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, relativa á información do PRTR; na normativa de contratación do sector público; na normativa ambiental aplicable no marco do principio DNSH; e no resto de disposicións que rexan a execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Deza-Tabeirós Terra de Montes”.

Ambas as partes quedan obrigadas ao cumprimento deste marco normativo durante todo o ciclo de vida da actuación.

### **Principio de “non causar prexuízo significativo” (DNSH)**

As actuacións executaranse respectando plenamente o principio de ‘non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente’ (DNSH), conforme ao artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 e a Guía Técnica 2021/C 58/01.

O concello achegará a documentación e evidencias necesarias para acreditar o devandito cumprimento durante a execución e na xustificación final.

### **Trazabilidade, integridade e transparencia da información**

Tódolos datos, documentos e evidencias relativos á actuación deberán cumprir as esixencias de trazabilidade e integridade establecidas nas Ordes HFP/1030/2021 e HFP/1031/2021, incluíndo:

- Contabilidade separada ou sistema equivalente.
- Identificación completa de contratistas, subcontratistas e destinatarios finais.
- Titularidade real.
- Declaracións de ausencia de conflitos de interese (DACI).
- Conservación de documentos en formato electrónico.
- Integridade e fiabilidade da información achegada.

O concello será responsable da veracidade e exactitude dos datos suministrados.

### **Publicidade, comunicación e visibilidade**

As actuacións deberán cumprir coas obrigacións de visibilidade previstas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021 e nas directrices da Deputación como entidade coordinadora do PSTD e da Secretaría de Estado de Turismo.

O concello deberá utilizar os logotipos oficiais e coordinar coa Deputación calquera acción de comunicación institucional.

### **Aplicación dos principios de economía, eficiencia e eficacia**

O concello garantirá que os fondos públicos destínanse ao fin para o cal foron asignados, aplicando os principios de boa xestión financeira, economía e eficiencia.



### **Obrigacións en materia de contratación pública**

O concello tramitará integramente o expediente de contratación, axustándose á Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, e ao marco PRTR.

Calquera modificación do contrato que afecte a elixibilidade, custos, fitos ou obxectivos requirirá a autorización previa da Deputación.

### **Responsabilidade no cumprimento do PRTR**

O Concello de Forcarei será responsable directo do cumprimento das obrigacións derivadas do PRTR, sen prexuízo das funcións de coordinación, supervisión e verificación que corresponden á Deputación Provincial de Pontevedra como entidade responsable do PSTD.

## **CLÁUSULA SEXTA. SEGUIMIENTO, CONTROL E VERIFICACIÓN**

### **Funcións de seguimento da Deputación**

A Deputación Provincial de Pontevedra realizará un seguimento continuado da execución da actuación, verificando o seu avance físico e financeiro, a adecuación ao expediente de contratación aprobado, o cumprimento dos fitos e prazos establecidos no marco do PRTR e do PSTD “DezaTabeirós Terra de Montes” así como o respecto ás obrigacións derivadas do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

### **Acceso a documentación e instalacións**

O concello facilitará á Deputación o acceso a:

- Expedientes de contratación.
- Informes técnicos e económicos.
- Facturas.
- Evidencias PRTR.
- Documentación contable e de trazabilidade.
- Instalacións ou espazos municipais onde se sitúen os equipos adquiridos.

A Deputación poderá requirir documentación adicional en calquera momento que considere necesaria para verificar o correcto desenvolvemento da actuación.

### **Controis internos e auditorías externas**

A actuación será sometida aos controis, verificacións e auditorías que poidan realizar:

- Intervención da Deputación.
- Intervención Municipal.
- Intervención Xeral do Estado.
- Órganos de control da Xunta de Galicia.
- Comisión Europea.
- Tribunal de Contas.
- Tribunal de Contas Europeo.

O concello comprométese a colaborar plenamente con todas estas entidades, facilitando a documentación requirida en formato electrónico e nos prazos establecidos.



### **Requirimentos durante a execución**

A Deputación poderá dirixir ao concello requirimentos de aclaración, subsanación ou achega de documentación.

Estes requirimentos deberán ser atendidos no prazo que se estableza, sendo o seu cumprimento necesario para garantir a correcta execución e verificación da actuación.

### **Informes de seguimento**

O concello remitirá informes periódicos á Deputación con información sobre a execución da subministración ou servizo, grao de avance, incidencias detectadas e calquera información relevante para o cumprimento das obrigacións PRTR e do PSTD.

### **Consecuencias do incumprimento**

O incumprimento das obrigacións de seguimento, control ou subministración de información poderá constituír incumprimento esencial, podendo dar lugar á suspensión de pagos, denegación do pago final, esixencia de reintegro ou resolución do convenio.

## **CLÁUSULA SÉPTIMA. OBRIGAS PRTR E RESPONSABILIDADE FINANCEIRA DO CONCELLO**

### **Responsabilidade plena na execución**

O Concello de Forcarei asumirá a responsabilidade directa respecto das obrigacións vinculadas á execución material, contratación, xustificación e cumprimento dos requisitos PRTR que dependen da súa actuación como entidade executora da actuación obxecto do presente convenio.

Dita responsabilidade entenderase sen prexuízo da que corresponda á Deputación Provincial de Pontevedra como entidade beneficiaria e coordinadora do PSTD ante a Secretaría de Estado de Turismo.

O concello responderá exclusivamente polos incumprimentos que resulten imputables á súa actuación ou omisión na execución do subproxecto.

### **Contratación pública PRTR**

O concello será responsable de que a contratación se axuste á LCSP e ás esixencias PRTR (DACI, titular real, integridade, trazabilidade, documentación completa).

As modificacións contractuais que afecten a elixibilidade, custos, fitos ou obxectivos requirirán autorización previa da Deputación.

### **DNSH, sustentabilidade e etiquetaxe PRTR**

O Concello garantirá o cumprimento do DNSH conforme ao Regulamento (UE) 2020/852 e a Guía Técnica 2021/C 58/01, achegando evidencias, así como o cumprimento das obrigacións de etiquetaxe dixital.



### **Trazabilidade e xestión de datos PRTR**

O concello deberá cumprir coas obrigacións de trazabilidade previstas na Orde HFP/1031/2021, incluíndo contabilidade separada, identificación de contratistas e titulares reais, DACI, conservación documental durante cinco anos e subministración de datos harmonizados PRTR nos prazos establecidos.

### **Publicidade e visibilidade PRTR**

O concello deberá cumprir as obrigacións de comunicación PRTR, utilizar os logotipos oficiais e garantir a visibilidade PRTR en todos os materiais, documentos e soportes dixitais vinculados á actuación e coordinar coa Deputación toda acción comunicativa vinculada ao proxecto.

### **Xustificación anticipada obrigatoria**

O concello deberá presentar a xustificación técnica e económica completa antes do 10 de xuño de 2026. O incumprimento deste prazo terá a consideración de incumprimento esencial, cos efectos previstos neste convenio.

### **Responsabilidade financeira e reintegros**

O concello será responsable de calquera importe cuxa devolución sexa esixida á Deputación por incumprimentos imputables ao concello, debendo reintegrar á Deputación o principal e os intereses que correspondan.

### **Prohibición de dobre financiamento**

O concello garantizará que non se producirá dobre financiamento e comunicará inmediatamente á Deputación calquera axuda adicional que puidese recibir para a mesma finalidade.

## **CLAUSULA OCTAVA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS**

A achega económica prevista neste convenio, financiada ao 100 % polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, terá a consideración de subvención de carácter finalista e estará suxeita ao cumprimento da normativa específica aplicable ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

O financiamento regulado neste convenio non será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os mesmos custos imputados ao PRTR, de conformidade co principio de prohibición de dobre financiamento establecido no Regulamento (UE) 2021/241, na Orde HFP/1030/2021 e no marco regulador do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os camiños por dentro”.

No obstante, o anterior, poderán ser compatibles outras axudas que se concedan para financiar gastos distintos, adicionais ou non imputados ao presente convenio, sempre que non afecten á elixibilidade do gasto PRTR nin supoñan unha minoración do custo xustificable.

En ningún caso o importe total das axudas ou ingresos percibidos para a mesma actuación poderá superar o custo real das contratacións subvencionadas. Calquera exceso deberá ser reintegrado nos termos da normativa aplicable.



De conformidade co artigo 14.1.d) da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións, e o artigo 33 do seu Regulamento, o Concello de Forcarei deberá comunicar inmediatamente á Deputación a obtención de calquera outra axuda, subvención ou ingreso destinado total ou parcialmente á finalidade prevista neste convenio, permitindo á Deputación realizar as verificacións necesarias para evitar o dobre financiamento.

## **CLÁUSULA NOVENA. REINTEGROS E RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO**

### Supostos de reintegro

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas polo Concello de Forcarei cando concorra algún dos seguintes supostos:

- a) Obtención da subvención sen reunir as condicións requiridas.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxecto da subvención ou do proxecto financiado.
- c) Incumprimento do prazo de execución ou xustificación previsto neste convenio.
- d) Realización de gastos non elixibles conforme ao PRTR ou á normativa aplicable.
- e) Incumprimento de obrigacións derivadas da normativa PRTR, especialmente as relativas a contratación, DNSH, trazabilidade, datos harmonizados, DACI, información e publicidade.
- f) Incumprimento dos fitos ou obxectivos vinculados ao PRTR.
- g) Resistencia, obstrución ou negativa ás actuacións de control, auditoría ou verificación.
- h) Dobre financiamento de gastos imputados a este convenio.

### **Obrigación de reintegro por esixencias doutras Administracións**

Cando calquera órgano nacional ou europeo (incluíndo a Administración Xeral do Estado, a Comisión Europea, o Tribunal de Contas ou o Tribunal de Contas Europeo) esixa o reintegro de cantidades á Deputación de Pontevedra debido a incumprimentos imputables ao Concello, este deberá reintegrar á Deputación, no prazo que esta determine a totalidade dos importes afectados, xunto cos intereses de demora que resulten aplicables.

### **Natureza da responsabilidade financeira**

O concello asumirá:

- a) A responsabilidade financeira completa derivada da súa actuación como entidade executora do gasto, cando resulte imputable á súa actuación ou omisión.
- b) Calquera axuste negativo, minoración, corrección financeira ou reintegro relacionado con gastos executados polo concello.
- c) A obrigación de devolver á Deputación os importes indebidamente percibidos.
- d) Sen prexuízo das accións adicionais que poidan corresponder á Deputación para esixir responsabilidades.

### **Procedemento de reintegro**

O procedemento de reintegro rexerese polos artigos 41 a 43 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e polo seu Regulamento.



En particular: A Deputación notificará ao concello o inicio do procedemento, outorgarase audiencia, e dítarase resolución motivada fixando a cantidade a reintegrar e o prazo de ingreso. O incumprimento do reintegro dentro do prazo fixado poderá dar lugar á exisibilidade por vía de constrinximento.

### **Incumprimento esencial**

Terán a consideración de incumprimento esencial, e poderán dar lugar ao reintegro total da subvención:

- A non xustificación antes do 10 de xuño de 2026.
- A non execución total da actuación antes do 30 de maio de 2026.
- A falta de cumprimento do DNSH.
- A omisión de evidencias PRTR que impidan a correcta xustificación.
- A falta de colaboración coas auditorías.
- En xeral, calquera incumprimento que afecte á acreditación dos fitos e obxectivos do PRTR.

### **Efectos sobre a vixencia do convenio**

O reintegro parcial ou total poderá dar lugar, no seu caso, á resolución anticipada do convenio, sen prexuízo da esixencia de responsabilidades adicionais conforme á normativa aplicable.

### **Cómputo de intereses**

En caso de reintegro por causas imputables ao concello, os intereses de demora calcularanse exclusivamente desde a data en que a Deputación efectuase o pago efectivo ao Concello de Forcarei, e unicamente respecto dos importes cuxa devolución sexa consecuencia de incumprimentos atribuíbles ao mesmo.

En ningún caso trasladaranse ao concello intereses derivados de períodos anteriores ao pago efectivo realizado pola Deputación.

### **CLÁUSULA DÉCIMA. FITOS E OBXECTIVOS PRTR**

A actuación obxecto do presente convenio intégrase no Compoñente 14, Investimento 1 (C14.I1.2) do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Os fitos e obxectivos asociados serán os recolleitos na ficha oficial do subproxecto cargada na aplicación COFFE pola Deputación Provincial de Pontevedra como entidade coordinadora do PSTD.

A efectos do presente convenio, considéranse obrigacións esenciais vinculadas a fitos e obxectivos:

- A execución material das actuación previstas na Actuación 1 “ecoruta Galicia por Dentro”, relativas ao acondicionamento de rutas, melloras de sendeiros e posta en valor de elementos patrimoniais e museísticos no termo municipal de Forcarei.
- O cumprimento da etiquetaxe dixital asignado á actuación.
- O respecto do principio DNSH.
- A finalización da actuación antes do 30 de maio de 2026.

A presentación da documentación necesaria para a súa xustificación antes do 10 de xuño de 2026, a efectos de permitir a xustificación final ante a Secretaría de Estado de Turismo antes do 30 de xuño de 2026.



### **CLÁUSULA UNDÉCIMA. PUBLICIDADE, INFORMACIÓN E VISIBILIDADE PRTR**

O Concello de Forcarei deberá cumprir coas obrigacións de información, comunicación e visibilidade previstas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021 e nas directrices que estableza a Deputación Provincial de Pontevedra como entidade do PSTD “DezaTabeirós Terra de Montes. Os camiños por dentro”.

En todas as actuacións de información ou comunicación relativas á presente actuación deberá incluírse:

- Emblema da Deputación de Pontevedra.
- Emblema da Unión Europea.
- Texto «Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU».
- Os elementos gráficos esixidos pola normativa do PRTR e as guías de visibilidade aplicables.

Así mesmo, cando cumpra, utilizarase a identidade gráfica do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (España Pode), conforme á normativa vixente.

O incumprimento destas obrigacións poderá constituír causa de reintegro e será sancionable conforme aos artigos 18, 37 e 56 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións.

### **CLÁUSULA DUODÉCIMA. CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS**

As partes comprométense a tratar a información intercambiada con motivo da execución do presente convenio coa confidencialidade exixible, sen prexuízo do cumprimento das obrigacións de transparencia, trazabilidade, cesión de información e control establecidas pola normativa do PRTR.

Os datos persoais que deban tratarse no marco deste convenio xestionaranse conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD), á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, e á normativa sectorial aplicable.

A obrigación de confidencialidade subsistirá tras a finalización do convenio, sen prexuízo da obrigación de facilitar información aos órganos de control nacionais e europeos.

### **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e control do presente convenio constituirase unha Comisión de Seguimento integrada por:

- Dous representantes da Deputación Provincial de Pontevedra (a Presidencia ou persoa en quen delegue, e unha acode funcionaria ou técnica designada).
- Dous representantes do Concello de Forcarei (a Alcaldía ou persoa en quen delegue, e unha acode funcionaria ou técnica designada).
- A Presidencia da Comisión corresponderá á Deputación Provincial de Pontevedra. A Secretaría será designada pola Deputación e actuará con voz, pero sen voto.

A Comisión poderá convidar a persoal técnico ou especialistas que estime oportunos, que asistirán con voz, pero sen voto.

Corresponderá á Comisión:

- a) Realizar o seguimento da execución do convenio.
- b) Garantir a coordinación entre as partes e facilitar a comunicación institucional.



- c) Resolver as dúbidas interpretativas do convenio e emitir, no seu caso, informes de criterio.
- d) Impulsar as actuacións necesarias para garantir o cumprimento dos prazos derivados do PRTR.

A Comisión reunirse a iniciativa de calquera das partes, presencialmente ou por medios electrónicos. De cada sesión levantarase acta. A Comisión de Seguimento non poderá asumir competencias decisorias nin modificar o contido do presente convenio, limitándose a funcións de coordinación, interpretación e seguimento.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. RÉXIMEN DE MODIFICACIÓN**

O presente convenio unicamente poderá modificarse mediante acordo expreso e unánime das partes, formalizado mediante addenda.

As modificacións non poderán alterar o obxecto esencial do convenio nin contraviñer a normativa reguladora do PRTR, a resolución de concesión do PSTD nin a súa modificación aprobada ao amparo do Real Decreto 635/2025.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. VIXENCIA**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e permanecerá vixente até o cumprimento íntegro das obrigacións de execución, xustificación, control e conservación documental derivadas do PRTR.

En todo caso, a súa vixencia estenderase como mínimo até a finalización do período de conservación documental esixido pola normativa europea aplicable.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirase por:

- Cumprimento total do seu obxecto.
- Expiración do prazo de vixencia establecido.
- Acordo unánime das partes.
- Incumprimento das obrigacións asumidas por algunha das partes.
- Decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista na normativa aplicable.

En caso de incumprimento, a parte afectada requirirá á outra para que no prazo indicado proceda á subsanación. Persistindo o incumprimento, o convenio poderá resolverse con efectos inmediatos.

A resolución por incumprimento poderá dar lugar á esixencia de reintegro das cantidades e, no seu caso, a indemnización polos prexuízos causados, de conformidade coa Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SÉPTIMA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICCIÓN**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese por:



- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.
- Lexislación básica do Estado en materia de réxime local.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no que resulte aplicable.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación coa contratación vinculada á actuación.
- As bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra e polos pactos recolleitos neste convenio.

Ao tratarse dunha actuación financiada no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, será así mesmo de aplicación a seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro.
- Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro.
- E demais normativa estatal, autonómica e europea aplicable.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO OCTAVA. REMISIÓN DO CONVENIO AO TRIBUNAL DE CONTAS**

Unha vez concluído o exercicio correspondente, procederase á remisión do presente Convenio ao Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución Presidencial nº 2017008767, de data 3 de maio de 2017, en relación co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, tendo en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados deste Convenio non superan os 600.000,00 euros.

O presente convenio sométese así mesmo ao control externo do Consello de Contas de Galicia, comprometéndose ambas as partes a facilitar tanta información e documentación sexa requirida polo devandito órgano e a colaborar no adecuado exercicio das súas funcións de fiscalización.

As controversias que non poidan resolverse mediante a Comisión de Seguimento serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa.

4. 36337.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE. 2026018347)

#### ANTECEDENTES



- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE BAIONA					
Data de presentación:		12/03/2026 (registro WEB2026019185)			
Data emenda:		20/03/2026 (registro WEB2026021895)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
14	4 peóns de obra pública a xornada completa durante 8 meses, 3 peóns de obra pública a xornada completa durante 7 meses, 1 conductor/a de camión e 4 operarios/as de limpeza viaria e recollida de lixo a xornada completa durante 6,5 meses, 1 conserxe de espazos museísticos e biblioteca a xornada completa durante 6 meses e 1 conserxe de espazos museísticos e biblioteca a xornada completa durante 3 meses	211.224,97 €	211.224,97 €	5.347,95 €	205.877,02 €



- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE BAIONA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	205.877,02 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Segundo.- Consideracións xurídicas:

#### I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

#### II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

### III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarse unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

### CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.



Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: ZK6LT3PXOCLP60RE) e do informe de Intervención (CSV: CDEMKLBGF5OX342I), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de Baiona (CIF P3600300B) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Baiona (P3600300B)	14	4 peóns de obra pública a xornada completa durante 8 meses, 3 peóns de obra pública a xornada completa durante 7 meses, 1 conductor/a de camiión e 4 operarios/as de limpeza viaria e recollida de lixo a xornada completa durante 6,5 meses, 1 conserxe de espazos museísticos e biblioteca a xornada completa durante 6 meses e 1 conserxe de espazos museísticos e biblioteca a xornada completa durante 3 meses	205.877,02 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base cuadrexésima terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadrexésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello de Baiona, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

5. 36338.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BARRO, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CONSTRUCCIÓN DE PUMP TRACK EN EL CONCELLO DE BARRO” (EXPTE.: 2026000488)

## ANTECEDENTES



- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Barro o importe que lle corresponde é de 97.995,15€.
- En data 05/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2026000410) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 96.549,45 € ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Construcción de pump track en el Concello de Barro”, cun orzamento de 96.549,45€ dos cales 90.257,45€ son de execución de obra e 6.292,00€ de honorarios.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 02/03/2026.
- Así mesmo en data 03/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 18/03/2026.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

### RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

### CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Barro relativa ao financiamento do investimento denominado “Construcción de pump track en el concello de Barro” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 96.549,45 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Barro, CIF P3600200D a cantidade de 96.549,45 € con destino ao financiamento do investimento “Construcción de pump track en el concello de Barro” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 96.549,45€ dos cales 90.257,45€ son de execución de obra e 6.292,00€ de honorarios.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.



- Dar traslado do presente acordo ao Concello do Barro, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6. 36339.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DE ESTRUTURA E ENVOLVENTE DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE TENORIO” (EXPTE. 2026000546)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Cerdedo - Cotobade o importe que lle corresponde é de 110.872,93€.
- En data 05/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2026000481) dunha petición do concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 110.872,93€ ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Acondicionamento de estrutura e envolvente do pavillón municipal de Tenorio”, cun orzamento de 866.969,49€ dos que 756.096,56€ son de achega municipal.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 23/02/2026.



En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: 6K8WVRLGDMPFLWOM) e do informe de Intervención (CSV: LV5B0BZAKWFORL3W), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de Moaña (CIF P3602900G) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Moaña (P3602900G)	20	1 oficial albanel enterrador/a, 1 oficial electricista, 1 limpador/a a xornada completa durante 8 meses, 1 conserxe de servizos múltiples a xornada completa durante 7 meses; 3 peóns de obra pública, 4 peóns especialistas medioambiente-forestal, 2 peóns medioambiente-forestal, 4 peón especialistas xardineiros/as, 2 peóns xardineiros a xornada completa durante 6 meses e 1 limpador/a a xornada completa durante 5 meses	219.432,34 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.



- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello de Moaña, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

11.36344.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PISTAS DE PÁDEL E TENIS NA ZONA DEPORTIVA DE MOSTEIRO” (EXPTE. 2026000144)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Tomiño o importe que lle corresponde é de 161.660,95 €.
- En data 31/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025087923) dunha petición do Concello de Tomiño, na que solicita,



con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 161.660,95€, con destino ao financiamento do investimento denominado “Pista de pádel e tenis na zona deportiva de Mosteiro”, cun orzamento de 213.644,61€ e unha achega municipal de 51.983,66€. A presente subvención debe condicionarse á obtención da autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra e o acordo ou resolución de aprobación do proxecto e acta de trazado previo, sendo imprescindible que as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do servizo de Cooperación de data 03/03/2026.
- Así mesmo, o 03/03/2026 o xefe do servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 20/03/2026.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.



## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

## CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Tomiño relativa ao financiamento do investimento denominado “Pistas de pádel e tenis na zona deportiva de Mosteiro” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 161.660,95 €.



O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de de Tomiño, CIF P3605400E a cantidade de 161.660,95 € con destino ao financiamento do investimento “Pistas de pádel e tenis na zona deportiva de Mosteiro” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 213.644,61 € e unha achega municipal de 51.983,66 €. A presente subvención debe condicionarse á obtención da autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra e o acordo ou resolución de aprobación do proxecto e acta de trazado previo, sendo imprescindible que as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Tomiño, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

12.36345.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE. 2026019920)

## ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que nesos casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE TUI					
Data de presentación:		16/03/2026 (registro WEB2026020261)			
Data emenda:		18/03/2026 (registro WEB2026021332)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
6	1 operario/a soldador/a/cerralleiro/a a xornada completa durante 8,5 meses, 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal a xornada completa durante 7,5 meses, 2 peóns horticultura e xardinería a xornada completa durante 6,5 meses e 2 operarios/as de limpeza a xornada completa durante 4 meses	98.436,49 €	96.089,36 €	5.845,22 €	92.591,27 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE TUI	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	231.478,16 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A base oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Base de execución 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup> do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

#### CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na



normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

**RÉXIME COMPETENCIAL:**

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: QE2NKXATWJ5KLVA4) e do informe de Intervención (CSV: KY4HQVLRQI3WAPHE), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de Tui (CIF P3605500B) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Tui (P3605500B)	6	1 operario/a soldador/a/cerralleiro/a a xornada completa durante 8,5 meses, 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal a xornada completa durante 7,5 meses, 2 peóns horticultura e xardinería a xornada completa durante 6,5 meses e 2 operarios/as de limpeza a xornada completa durante 4 meses	92.591,27 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base cuadraxésima terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica



da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.

- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello de Tui, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

13.36346.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VALGA, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORAS NO ALUMEADO E NOVA PISTA DE TENIS NA ÁREA DEPORTIVA DE CAMPAÑA” (EXPT. 2025082358)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Valga o importe que lle corresponde é de 110.659,14€.
- En data 23/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025086978 ) dunha petición do concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 110.659,14 € ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Melloras no alumeado e nova pista de tenis na área deportiva de Campaña”, cun orzamento polo mesmo importe.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 06/03/2026.
- Así mesmo o 06/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 25/03/2026 (CSV: CT2F7MAD0JD1K4ZM).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

## CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Valga relativa ao financiamento do investimento denominado “Melloras no alumeado e nova pista de tenis na área deportiva de Campaña” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 110.659,14 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:



- Conceder ao Concello de Valga, CIF P3605600J a cantidade de 110.659,14 € con destino ao financiamento do investimento “Melloras no alumado e nova pista de tenis na área deportiva de Campaña” ao abeiro do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, cun orzamento do mesmo importe.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Valga, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

14.36347.- VALIDACIÓN DA ABRIGA DE GASTO RELATIVA Á CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9701 BAIÓN-ANDRÁS, DO PQ. 0+000 AO PQ. 0+560 (VILANOVA DE AROUSA)” (EXPTE. 2025019176)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 28/11/2025 acordou adxudicar a empresa CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL (NIF B36147429) o contrato da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP 9701 Baión-András, do pq. 0+000 ao pq. 0+560 (Vilanova de Arousa)*”, por un importe de 880.656,85 € (IVE engadido), estimándose un prazo de execución de SEIS (6) MESES (CSV: 9WXU4PELS7SWOUGW).

Resultando.- Que con data 20/01/2026 formalizouse a acta de comprobación de replanteo, establecéndose coma data para finalizar a obra o día 20/07/2026 (CSV: QPW39XQXZ67DV17Z).

Resultando.- Que en data 05/03/2026 a empresa adxudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración a Certificación núm. 1 ordinaria polo período comprendido entre o 20 e o 31 de xaneiro de 2026, por importe de 1.612,18 € (CSV: ZY7I3PIOJRI3E7SU).

Resultando.- Que remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 9, esta devólvea informada en data 24/03/2026 (CSV: A87LZHRZL9FBPB7Y) concluíndo que “*Visto o defecto sinalado, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación do gasto*”, e facendo constar as seguintes observacións:

*“En aras dunha maior transparencia na xestión o convenio de colaboración debería publicarse no BOPPO. As obras executáronse do 1 ao de 2025 e 31 de xaneiro e a expedición da certificación data do 05 de marzo de 2026, incumprindo o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde (art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público)”.*



Resultando.- Que o Servizo de Intervención detecta un erro no apartado de observacións do seu informe, polo que procede a emitir dilixencia de emenda (CSV: A87LZHRZL9FBPB7Y) de data 26/03/2026.

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, relativo á validación de actos anulables.

Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do vixente orzamento, concretamente na base 17.

Con base nos antecedentes precedentes, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a validación da obriga de gasto relativa á certificación núm. 1 da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-9701 Baión-András, do pq. 0+000 ao pq. 0+560 (Vilanova de Arousa)*”, polo importe bruto de 1.612,18 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL (NIF B36147429)	26/456.4530.612.02.2023	1.612,18 €
	Descontos	
	Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)	44,79 €
	Control de calidade (3% PEM licit.)	36,69 €
	Total descontos	81,48 €
	<b>TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR</b>	<b>1.530,70 €</b>

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.



15. 36348.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-1202 SEIXO-SAN TOMÉ DE PIÑEIRO, DENDE O P.Q. 0+800 AO P.Q. 3+050 (CONCELLO DE MARÍN)". (EXPTE.- 2024059095)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/07/2025 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., (CIF B-36147429) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)”, por un importe de 536.961,92 € IVE incluído. e un prazo de execución de TRES (3) MESES.

Resultando.- Que con data 01/10/2025 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 01/01/2026.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/12/2025 acordou suspender totalmente a execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)” con efectos dende o 01/12/2025, quedando nese intre UN (1) MES para finalizar as obras.

Resultando.- Que con data 03/03/2026 formalizouse entre o contratista e a directora de obra, acta de reinicio das obras, establecéndose nese intre coma data para finalizalas o día 03/04/2026.

Resultando.- Que con data 17/03/2026 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX\_WEB2026020872), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de “ 6 semanas” (42 DÍAS), debido a o Concello de Marín non rematou a renovación das tuberías de abastecemento de auga coincidentes co tramo de cunetas proxectadas, ralentizando a execución dos traballos previstos para finalizar a obra.

Resultando.- Que de acordo co art. 195.2 da LCSP, consta no expediente con CSV: IRYSRY8J7VA8MLFN informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: “...esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de SEIS (6) SEMANAS, ata o 16 de maio de 2026. Non existen afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin a o prezo do contrato que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalada...”.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) QMXYO3SP3AX3H8UV, no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución, sendo a nova data de finalización deste contrato o 16/05/2026.



Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: "...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva..."

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: "...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor..."

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: "1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración..."

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. unha ampliación de prazo de CUARENTA E DOUS (42) DIAS, na execución do contrato de obras "Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o PQ 0+800 ao PQ 3+050 (Concello de Marín)", establecendo coma data para finalizar a obra o día 16/05/2026, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

16.36349.- AUTORIZACIÓN PARA REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-1002 A MAGDALENA-ALDÁN, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+850 (CONCELLO DE CANGAS)". (EXPTE.- 2024057093)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 04/04/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)", redactado por D. Óscar Catoria Daquinta, técnico adscrito á empresa NOVOTEC, cun orzamento base de licitación de 1.334.076,05 €. A este proxecto asignóuselle o CSV: XL5Q0Y6P8R6RWJ48.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 8 de agosto de 2025, acordou adxudicar á empresa Construcciones Fечи, S.L.U., (CIF B-36258861) o contrato de obras "Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)" por un importe de 1.234.420,57 € IVE engadido e un prazo de execución de DEZ (10) MESES.

Resultando.- Que con data 26/09/2025 formalízase entre o contratista e a directora de obra, acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 26/11/2025.



Resultando.- Que mediante informe emitido polo director de obra, que consta no expediente con CSV: NOPS7H5TDRRDJSP7, solicítase autorización de redacción de proxecto modificado da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas).

Resultando.- Que recolle no seu informe o director de obra o seguinte: “..que iniciados os traballos de movemento de terras para a execución dos muros e canalizacións nos últimos metros da zona de actuación, atopáronse as seguintes incidencias:

- Trala retirada da capa superficial no inicio da escavación para a execución dos muros, detéctase a nula capacidade portante do terreo e os grandes espesores de terra vexetal.
- Gran deterioro e roturas das cunetas de formigón, sendo indetectable o seu estado real mediante unha inspección visual ordinaria en fase de proxecto.
- Necesidade de axuste do trazado da estrada á realidade actual do ámbito da actuación e existencia de perfís e peraltes/bombeos moi irregular en toda a estrada. Este axuste deriva do replanteo do proxecto sobre antes dos movementos de terra, revelando discrepancias en contra entre a cartografía do proxecto e a realidade do entorno., descubríndose movementos verticais nos bordes da estrada por mor do tráfico pesado que afectan ao peraltes e bombeos.
- Aparición de rocha en numerosos puntos da obra, aflorando esta a profundidades non previstas.
- Existencia de macadam bituminoso na base da estrada. A existencia deste material baixo as capas de firme descubriuse no momento da escavación de muros e gabias.
- Eliminación dos postes de iluminación sen alternativa de colocación de luminarias. A imposibilidade de manter o servizo apareceu como consecuencia directa do deseño final de soterramento das liñas., Este deseño é potestade das empresas de subministros, non estando dispoñible previamente.
- Problemas no drenaxe da estrada. Os problemas de desbordamentos foron detectados en outubro de 2025. A comprobación da orixe das inundacións foi posible coa observación directa en episodios de choivas intensas tralo inicio dos traballos.
- Imposibilidade de adaptar as pendentes cos medios do proxecto. Esta circunstancia só foi evidente no momento do replanteo da ampliación da plataforma, comprobándose nese momento o impacto real sobre a rasante dos accesos á estrada.
- Roturas de capas de firme nas zonas onde se están a executar os muros do proxecto, derivados da mala calidade do terreo, sendo necesario o seu saneo.

Resultando.- Que sinala o director de obra que estas circunstancias non se puideron detectar durante a redacción do proxecto e que xurdiron unha vez iniciadas as escavacións das obras.

Resultando.- Que sinala tamén que non hai alteración da natureza do contrato e ausencia de alteración sustancial. Engade que o incremento total do proxecto modificado suporía unha porcentaxe do proxecto orixinal dun 40,92 %.



Resultando.- Que recolle que as circunstancias que motivan a proposta de modificación obxecto do expediente son alleas a erros, defectos ou insuficiencia de estudos ou comprobacións tendo en conta os medios dispoñibles e de acordo á tipoloxía do proxecto, supervisado este por técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais con data de 4 de maio de 2023 cumprindo tódolos requisitos establecidos no Art. 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: UXEC5VIHL81FCKZE, informe do xefe de Servizo de Contratación, onde se recolle o seguinte: *“...A subsección 4ª, da sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, nos seus artigos 203 e seguintes regula as modificacións dous contratos. Esta regulación está baseada non principio de igualdade de trato entre vos licitadores, impondo que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ao formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estas estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores. Corolario do devandito principio contéplase unicamente dúas posibilidades para poder realizar a modificación do contrato: 1. que estean previstas de forma clara, precisa e inequívoca na documentación da licitación. 2. Ou, en caso contrario, que se dean algunha das circunstancias do artigo 205 LCSP e que a modificación non afecte a ningunha condición esencial/substancial da licitación. Na licitación non se contemplou ningunha circunstancia de modificación do contrato, co cal queda descartada dita posibilidade. A segunda posibilidade para modificar o contrato é unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, e require que se adecue a algunhas das circunstancias previstas no artigo 205 Lcsp. A modificación proposta baséase, no artigo 205.2.b) da LCSP debido a que a necesidade de modificar o contrato se deriva de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles, segundo o informe do director de obra CSV:5NWS74TWNQO4GZ8L no momento en que tivo lugar a licitación do contrato. Asimesmo, o informe recolle que non hai alteración da natureza do contrato e ausencia de alteración sustancial. Engade que o incremento total do proxecto modificado suporía unha porcentaxe do proxecto orixinal dun 40,92 %. Tendo en consideración a limitación do coñecemento técnico en enxeñería civil e das cuestións técnicas na obra e no proxecto, nos apoiamos nestas conclusións na competencia e afirmacións da directora de obra, , non vendo inconvinte a unha posible autorización de redacción do proxecto modificado...”*

Considerando.- Que o papel do TXUE foi fundamental para determinar como e con que condicións son conformes ás regras da contratación pública as modificacións das condicións dun contrato.

Considerando.- Que convén recordar a principal doutrina e as súas prácticas. Podemos afirmar como *“leading case”* a Sentenza de 29 de abril de 2004 (Succhi di frutta)F26F, onde o Tribunal de Xustiza, aborda en profundidade os límites e requisitos da modificación dun contrato público ó analizar a obriga dos poderes adjudicadores de cumprir cos documentos do contrato: *“O principio de igualdade de trato entre os licitadores (...) impón que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ó formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores...”*

O que se pretende coa doutrina desta sentenza, en palabras do propio Tribunal é que: *“todas as condicións e modalidades do procedemento de licitación estean formuladas de forma clara, precisa e inequívoca no anuncio de licitación ou no prego de condicións, co fin de que, por unha parte, todos os licitadores razoablemente e normalmente dilixentes podan comprender o seu alcance exacto e interpretalos da mesma forma e , por outra banda, a entidade adjudicadora poida comprobar efectivamente que as ofertas presentadas polos licitadores responden ós criterios aplicables ó contrato se que se trata”*.



Considerando.-Que o principio de igualdade de trato dos licitadores, que ten o obxecto de favorecer o desenvolvemento de unha competencia sana e efectiva entre as empresas que participen nunha licitación pública, exige que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades de formulación dos termos das súas ofertas e implica pois que estas se sometan ás mesmas condicións para todos os competidores (sentenza do Tribunal de Xustiza de 29 de abril de 2004, Comisión/CAS Succhi di Frutta, C-496/99 P, Rec. p.I-3801, apartados 109 e 110).

Considerando.-Que o profesor Gimeno Feliu no estudo da “*modificación dos contratos públicos: límites e dereito aplicable*” afirma que a excepcionalidade da prerrogativa foi confirmada sen quebra pola xurisprudencia do TS que configura a modificación contractual como unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, xa que, de non ser elo así, infrinxiríase un dos principios básicos do noso ordenamento xurídico recollido polo artigo 1256 do Código Civil, relativo a que o cumprimento dos contratos non pode quedar ó arbitrio dunha das partes.

Nos contratos de obras deben concorrer razóns técnicas imprevisibles no proxecto orixinario e non no simplemente defectos ou meras imprevisións en el proxecto (CEst Dict 50668/1987, 17-6-87; 79/1993, 1-4-93).

Considerando.- Que a Administración ten o ius variandi, que lle permite modificar o contrato unilateralmente cando concorran circunstancias de interese público, por excepción ao principio de inalterabilidade dos contratos sen o consentimento de ambas as partes. Trátase dunha potestade regrada que só pode exercerse nos casos e na forma prevista na LCSP, cando a modificación veña determinada por unha razón de interese público debida a causas novas e imprevistas .

Considerando.- Que a modificación acórdase polo órgano de contratación e é obrigatorio para o contratista. As modificacións non poden ser utilizadas como modo de alterar o obxecto do contrato despois da licitación, de modo que se lesione os principios de igualdade, non discriminación e libre concorrência. Só pode modificarse o contrato:

- a) Ben cando así se previu nos pregos. Limitase a previsión de modificación aos pregos tratándose de contratos administrativos ( LCSP art.203.2.a), suprimindo a referencia ao anuncio de licitación.
- b) Ben nos casos e cos límites establecidos na LCSP, sen prexuízo dos supostos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, que se rexen polas súas normas propias.

Considerando.- Que en particular non cabe a modificación para engadir prestacións complementarias ás contratadas, ampliar o obxecto do contrato para finalidades novas non contempladas nos pregos, e incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Considerando.- Que no prego de condicións administrativas que rexe o contrato non se contemplou circunstancias previas que permitisen realizar modificacións do contrato, polo que haberá que acudir ás modificacións non previstas que se recollen nos artigos 205 e seguintes.



Considerando.- Que consta no expediente con CSV: 5NWS74TWNGO4GZ8L informe no que se recolle a natureza do contrato non resulta alterada de ningún xeito manténdose a tipoloxía e os traballos da obra.

Considerando.- Que coa prerrogativa de modificación non se pode crear un contrato novo distinto do contrato primitivo, senón simplemente introducir alteracións ou variacións no proxecto orixinario, pois noutro caso estaríanse a burlar os principios de publicidade e concorrència ( CESt Dict 50641/1987, 12-11-87; 51698/1988, 25-2-88; 4350/1997, 6-11-97).

Considerando.- Que fóra dos devanditos casos en que a LCSP permite a modificación, ha de resolverse o contrato en vigor e celebrar outro con novas condicións, conforme prevén a LCSP art.203.2 e) 211. g), e de acordo coa Dir 2014/24/UE art.73.a) e Dir 23/2014/UE art.44.a).

Considerando. O Interese público na modificación. O carácter restritivo con que a lexislación de contratos contempla as modificacións de contratos adjudicados como excepción á regra pacta sunt servanda, soamente xustifícase por razóns de interese público (JCCA 23/2011, 28-10-11).

Considerando.- Que o interese público ha de ser claro, patente e indubitado ( CESt Dict 42179/1979, 17-5-79), e xustificado polo órgano de contratación no expediente tramitado a tal fin ( CESt Dict 55586/1990, 10-1-91; 3062/1998, 10-9-98).

Considerando.- Que a facultade de modificación so pode exercitarse cando la aparición de novas necesidades materiais, non contempladas antes da perfección do contrato, o faga indispensable para o mellor servizo do interese público (CESt Dict 41914/1979, 24-5-79).

Considerando.- Que o interese publico perseguido así como os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante este contrato, fundaméntase no art. 135 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia, relativo aos deberes de uso, conservación e rehabilitación.

Considerando.- Que o director de obra sinala que que as modificacións non previstas que se propoñen neste proxecto modificado son as estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que as fan necesarias: a mellora efectiva da mobilidade peonil na estrada E.P. 1002 Magdalena – Aldán entre os PP.QQ. 0+000 e 1+850.

Considerando.- Que o artigo 205.2.b), recolle os casos que determinan que modificación se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento que tivo lugar a licitación do contrato:

- a. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puideran prever.
- b. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.



- c. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, aislada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme ó artigo 205 da LCSP, do 50 por cento do seu prezo inicial IVE excluído.

Considerando.- Que sinala o director de obra no seu informe (CSV):5NWS74TWNGO4GZ8L que as circunstancias que dan lugar á solicitude de redacción do proxecto modificado non se puideron detectar durante a redacción do proxecto e que xurdiron unha vez iniciadas as obras, considerando que a necesidade de modificar o contrato vixente deriva de circunstancias sobrevenidas que foron imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato.

Considerando.- Que en conexión co anterior, convén salientar a Sentenza do Tribunal de xustiza da Unión Europea de 16 de outubro de 2025 (asunto C-282/24), ditada en relación coa interpretación do artigo 72.2 da Directiva 2014/24/UE, na que se precisa que a «*alteración da natureza global*» do contrato ou do acordo marco constitúe un concepto distinto —e máis cualificado— que o de «*modificación substancial*».

Considerando.- Que segundo a referida doutrina, mentres a modificación substancial se identifica coas variacións que, de ter estado incluídas na documentación reitoria do procedemento, poderían ter influído no resultado da licitación, a alteración da natureza global queda reservada para supostos de maior envergadura, nos que a modificación comporte un cambio fundamental do obxecto ou do tipo de prestacións, ou ben unha transformación estrutural ou cualitativa do equilibrio económico que desvirtúe a esencia ou finalidade do contrato, ben pola introdución de obrigas novas alleas ao perímetro inicialmente contemplado, ben por situar o contratista nunha posición económica claramente máis vantaxosa respecto da licitación orixinal.

Considerando.- Que aplicando este criterio interpretativo ao presente expediente, e segundo o informe do Director de obra “A natureza do contrato non resulta alterada de ningún xeito xa que o obxectivo deste segue sendo a mellora efectiva da mobilidade peonil na estrada E.P. 1002 Magdalena – Aldán entre os PP.QQ. 0+000 e 1+850, manténdose a tipoloxía e os traballos da obra: senda peonil a nivel, asfaltado da calzada e beiravías, construción de zonas de convivencia e reposición de servizos.

Considerando.- Que a maiores, non se altera de forma substancial o contrato xa que a clasificación do contratista segue a ser Grupo G, subgrupo 6 e categoría 4 (ata 2.400.000 euros), e tampouco se inclúen unidades de obra novas que puideran ter modificado as condicións da licitación”.

Considerando.- Que engade que o incremento total do proxecto modificado suporía unha porcentaxe do proxecto orixinal dun 40,92 %.

Considerando.- Que cabe engadir que resulta necesario recabar do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se sustanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:

- a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b) Audiencia ó contratista e redactor do proxecto, polo prazo mínimo de tres días.
- c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así coma dos gastos complementarios precisos.



Considerando.- Que non obstante, poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 % do prezo primitivo do contrato.

Considerando.- Que para a redacción do modificado haberá que ter en conta o previsto nos artigos do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que se transcriben de seguido:

*Artigo 102: “...Cando sexa necesario introducir algunha modificación no contrato, redactarase a oportuna proposta integrada polos documentos que xustifique, describan e valoren aquela. A aprobación polo órgano de contratación requirirá a previa audiencia ó contratista e a fiscalización do gasto correspondente...”.*

*Artigo 158: “...Cando se xulgue necesario empregar materiais ou executar unidades de obra que non figuren no proxecto, a proposta do director da obra sobre os novos prezos a fixar basearase en canto resulte de aplicación, nos custos elementais fixados na descomposición dos prezos unitarios integrados no contrato, e en calquera caso, nos custos que correspondesen á data na que tivo lugar a adxudicación...”.*

O artigo 160 do mesmo texto legal recolle que cando existan variacións sobre as unidades previstas no contrato, sexan diminucións ou excesos de medicións, as mesmas deberán contemplarse no caso que se redacte proxecto modificado.

*Artigo 162.2: “Cando sexa necesaria a execución de unidades novas non previstas no proxecto, o director de obra elevará ó órgano de contratación as propostas de prezos novos e a repercusión sobre o prazo de execución do contrato. A conformidade por parte do contratista dos novos prezos e a valoración do prazo total da obra será condición necesaria para poder comezar os traballos correspondentes ás unidades novas...”.*

*Artigo 141.2: “...Se o órgano de contratación decide a modificación do proxecto, esta tramitarase con arranxo ás normas xerais da Lei e deste Regulamento acordando a suspensión temporal, total ou parcial da obra, ordenando neste último caso á iniciación dos traballos naquelas partes afectadas polas modificacións previstas no proxecto”.*

*Artigo 234.3: “...Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións: a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma. b) Audiencia do contratista e redactor do proxecto por prazo mínimo de tres días...”.*

Considerando.- No que se refire á suspensión da execución, o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”.



Considerando.- O artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”.

Considerando. O artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. O acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”.

Polo exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.1b), e da Resolución Presidencial número 2025008024 de 3 de outubro de 2025, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a redacción do proxecto modificado da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”.

O proxecto modificado deberá remitirse ao servizo de Contratación, debidamente supervisado, xunto cun informe do responsable do contrato, onde se recolla o seguinte:

- a) Deberá indicar se se alteran ou non as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e dicir, o contemplado no proxecto e na oferta da empresa adxudicataria.
- b) Informe sobre se o proxecto se limita a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.
- c) Se, no caso de modificación que supoña a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características defiran das fixadas, podería entenderse que os prezos recollidos adecúanse aos prezos de mercado, e, como establece o artigo 158 do R.D. 1098/2001, baséanse nos custos elementais fixados na descomposición dos prezos unitarios integrados no contrato, e, en calquera caso, nos custos que correspondesen á data na que tivo lugar a adxudicación.



- d) Nese caso , terá que aportar a acta de contradición de prezos a orixe, coa baixa da adxudicación asinada pola empresa contratista.
- e) Indicar cal é a porcentaxe de unidades que se variou con respecto ao inicial, e cuantificalas economicamente.
- f) Establecer un prazo para a finalización da obra desde a data de aprobación do proxecto modificado, no caso de que fora así.
- g) Indicar se houbo excesos de medicións ata o momento, e de habelos deberá introducilos no proxecto modificado.

17.36350.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DA DEPUTACIÓN PARA OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES. (EXPTE. 2025054733)

Vista a providencia de inicio da Deputada Delegada de Igualdade e Benestar Social, de 12 de febreiro de 2026 (CSV: 7TASK9XJ6PV9HQ0J), para a contratación do “*Servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes*“, que xustifica a necesidade, idoneidade e ausencia de medios propios suficientes. Xunto coa proposta, o servizo achega o correspondente prego de prescricións técnicas.

A normativa constitucional, estatutaria e autonómica atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de servizos sociais, desenvolvida a través da Lei de Servizos Sociais de Galicia. Neste marco, os concellos son os encargados da creación e xestión dos servizos sociais comunitarios, mentres que as deputacións provinciais teñen a función de apoiar aos concellos —especialmente aos de menos de 20.000 habitantes— mediante asistencia económica, técnica e xurídica para garantir a adecuada prestación destes servizos.

No caso da Deputación Provincial de Pontevedra, esta non dispón dos medios humanos nin técnicos necesarios para asumir directamente a xestión completa do servizo de teleasistencia domiciliaria. Por este motivo, resulta preciso recorrer á contratación de entidades especializadas que poidan asegurar a continuidade, a calidade e a eficacia do servizo.

O obxecto do contrato é garantir a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria dirixido a persoas en situación de especial vulnerabilidade, como persoas maiores, con discapacidade, con enfermidades crónicas, con limitacións na súa autonomía persoal ou sen apoio familiar ou social suficiente. Este servizo é fundamental para mellorar a súa calidade de vida, previr situacións de illamento, inseguridade ou risco, e permitir que poidan permanecer no seu fogar e na súa contorna habitual, contando cunha atención inmediata e axeitada en caso de emerxencia.



Resultando que, a Intervención emite documento de retención de crédito número 12026000017516, con cargo á aplicación 231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial, para atender os gastos derivados de esta contratación.

Resultando que o Servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e da memoria xustificativa, e con data 25/02/2026, solicita informe á Secretaría Xeral.

Resultando que a Secretaría Xeral, con data 12/03/2026, informa favorablemente o expediente.

Resultando que a Intervención, con data 24 de marzo de 2026, emite informe favorable, coas seguintes observacións ou recomendacións:

*A pesares de que naqueles concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes a prestación de servizos sociais non ten carácter obrigatorio, por aplicación do artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Deputación de Pontevedra aprobou, o pasado 30 de setembro, unha Ordenanza Reguladora do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas competencias, recollidas na Lei 13/2008 e desenvolvidas polo Decreto 99/2012, de 16 de marzo, e para dar cumprimento ó establecido no artigo 312 LCSP, que regula as especialidades dos contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía, os cales antes de proceder a súa contratación deberán ter establecido o seu réxime xurídico.*

*Sinalar que, de acordo co disposto no artigo 31 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a Xunta de Galicia coordinará as actuacións de apoio financeiro das Deputacións Provinciais ós Concellos, para o que, os programas de cooperación económica coas entidades locais que elaboren as Deputacións Provinciais en esta materia, calquera que sexa a súa denominación, serán postos, antes da súa aprobación, en coñecemento do órgano superior da Xunta de Galicia competente en materia de servizos sociais e da Comisión Galega de Cooperación Local.*

*Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliados mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

Resultando que o xefe do Servizo de Contratación, unha vez informado o expediente pola Secretaría e a Intervención, emite memoria xustificativa definitiva (CSV: VRYZVY1MT80LPERP), na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos, e o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, por concorrer as circunstancias do artigo 131.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP).

Considerando o artigo 17 da LCSP, que tipifica como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.



Considerando os artigos 116 e 117 da LCSP, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando o artigo 122.1 da LCSP, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “*Servizo de teleasistencia domiciliar da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes*”.

O prazo de duración será de 2 anos a partir da data que se estableza no contrato, que en todo caso non será anterior ao 01/08/2026. Establecese a posibilidade de dúas prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 803.325,58 euros.

O valor estimado é de 1.853.828,26 euros.

2. Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: N0XENWUMKPW8E1AJ) e de prescricións técnicas (CSV: GV6TBV36KKEVWWHW) que rexerán dita contratación.
3. Autorizar o gasto polo importe máximo de 401.662,79 euros, dos cales a cantidade de 83.679,75 euros irá con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial, a cantidade de 200.831,40 euros, con cargo á correspondente aplicación orzamentaria do ano 2027, e a cantidade de 117.151,65 euros, con cargo á correspondente aplicación orzamentaria do ano 2028. En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2027 e 2028 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.



O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4. Nomear responsable do contrato a Sandra Vázquez Vázquez, xefa do Servizo de Benestar Social da Deputación de Pontevedra.
5. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

18.36351.- ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO QUE REGULARÁ A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS. (EXPTE. 2025048312)

Resultando que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 8 de xaneiro de 2026, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, sendo admitidas as seguintes:

- Consultoria Inrupre SL (CIF B32304842) Lotes 1,2 e 3.
- Eptisa Servicios de Ingeniería SL (CIF B85097962) Lotes 1,2 e 3.
- Estudio Técnico Gallego SA (CIF A15093081) Lotes 1,2 e 3.
- Galaicontrol SL (CIF B36651487) Lotes 1,2 e 3.
- Ingenia proyectos técnicos SL (CIF B36983906) Lotes 1,2 e 3.
- Ingeniería del Noroeste SL (CIF B15128838) Lotes 1,2 e 3.
- Proyestegal SL (CIF B27159730) Lotes 1,2 e 3.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Infraestructuras e Vías Provinciais para a súa valoración.

Resultando que, con data 26 de febreiro de 2026 o Xefe do Servizo de Infraestructuras e Vías Provinciais emitiu informe de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor para cada un dos lotes cos seguintes códigos CSV:

Lote 1: RO6ZOODYTYPHR3UX.

Lote 2: SWF8CNUP2V61R8B0.

Lote 3: S54HTIRB6QYTC7Y0.



Resultando que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 26 de febreiro de 2026, prestou conformidade ás puntuacións acadadas no referido informe, e procedeu á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliada mediante criterios automáticos, das empresas que resultaron admitidas.

Resultando que a Mesa de Contratación, na sesión do día 5 de marzo de 2026 (CSV: RFU78ILF400CRUDO) acordou:

A exclusión da oferta da empresa Ingenia proyectos técnicos SL (CIF B36983906) aos Lotes 1,2 e 3 ao non acadar a puntuación mínima do 50 % dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (15,50 puntos) e aprobar a clasificación das ofertas que queda da seguinte forma:

#### LOTE 1

CLASIFICACIÓN	EMPRESA	Puntuación total sobre B	Puntuación total Sobre C	TOTAL
1ª	PROYESTEGAL, S.L.	28	69,00	97
2ª	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	21	67,13	88,13
3ª	GALAICONTROL, S.L.	22	63,46	85,46
4ª	CONSULTORÍA INRUPRE, S.L.	19	64,43	83,43
5ª	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	21,5	52,76	74,26
6ª	INGENIERÍA DEL NOROESTE, S.L.	17,5	51,55	69,05

#### LOTE 2

CLASIFICACIÓN	EMPRESA	Puntuación total sobre B	Puntuación total Sobre C	TOTAL
1ª	PROYESTEGAL, S.L.	28	69	97
2ª	GALAICONTROL, S.L.	22	68,2	90,2
3ª	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	21	67,15	88,15
4ª	CONSULTORÍA INRUPRE, S.L.	19	68,44	87,44



5ª	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	21,5	55,81	77,31
6ª	INGENIERÍA DEL NOROESTE, S.L.	17,5	53,49	70,99

### LOTE 3

CLASIFICACIÓN	EMPRESA	Puntuación total sobre B	Puntuación total Sobre C	TOTAL
1ª	PROYESTEGAL, S.L.	28	64,67	92,67
2ª	GALAICONTROL, S.L.	22	69	91
3ª	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	21	64,02	85,02
4ª	CONSULTORÍA INRUPRE, S.L.	19	65,68	84,68
5ª	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	21,5	52,87	74,37
6ª	INGENIERÍA DEL NOROESTE, S.L.	17,5	52,13	69,63

Asimesmo acordou propor ó órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, (tendo en conta as puntuacións totais acadadas e unha vez aplicadas as regras de adxudicación de lotes) as seguintes empresas:

Lote nº1.-Zona Norte: Proyestegal S.L.(CIF B27159730).

Lote nº2.-Zona centro: Eptisa servicios de ingeniería S.L. (CIF B85097962).

Lote nº3.- Zona Sur: Galaicontrol S.L. (CIF B27159730).

Resultando que o persoal técnico do Servizo de Contratación, con data 6 de marzo de 2026, comproba que que as referidas empresas se atopan inscritas no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando que, mediante Resolución Presidencial número 2026002030 de 11 de marzo de 2026 o órgano de contratación acepta a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, e require ás citadas empresas para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requerimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



Resultando que as referidas empresas presentaron a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia.

Considerando os artigos 150 e 151 da LCSP, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Excluir do procedemento de contratación á empresa Ingenia proyectos técnicos S.L. (CIF B36983906) aos Lotes 1,2 e 3 ao non acadar a puntuación mínima do 50 % dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (15,50 puntos).

Segundo.- Adxudicar o acordo marco que rexerá a contratación do servizo de redacción de proxectos do servizo de infraestruturas e vías provinciais ás seguintes empresas:

Lote nº1.-Zona Norte a empresa Proyestegal S.L., polos seguintes prezos e valores ofertados e conforme as seguintes condicións:

1.- Porcentaxe de baixa ofertado sobre os prezos unitarios máximos de cada traballo (detallados na cláusula 3.3 do PCAP): 25 %.

Os prezos unitarios de adxudicación (unha vez aplicada a baixa ofertada) son os seguintes:

Tipo de traballos	Prezo sen IVE	IVE	Prezo IVE engadido
Cartografía e topografía (0 a 500 m de lonxitude de ámbito de actuación)	501,41 €	105,30 €	606,70 €
Adicional cartografía e topografía (Por cada 100 m ou fracción de lonxitude adicional de ámbito de actuación)	72,47 €	15,22 €	87,69 €



Estudo de viabilidade (0 a 500 m de lonxitude de ámbito de actuación)	4.917,16 €	1.032,60 €	5.949,76 €
Adicional estudo inicial (100 m ou fracción de lonxitude adicional de ámbito de actuación)	207,31 €	43,53 €	250,84 €
Proxecto construtivo (0 a 500 m de lonxitude de ámbito de actuación)	6.588,23 €	1.383,53 €	7.971,75 €
Adicional proxecto construtivo (100 m ou fracción de lonxitude adicional de ámbito de actuación)	207,31 €	43,53 €	250,84 €
Informe Estudo Xeotécnico	4.040,33 €	848,47 €	4.888,79 €
Actualización/modificación de proxecto redactado	2.212,09 €	464,54 €	2.676,63 €

2- Compromiso de posta a disposición de medios humanos con experiencia laboral adicional á requirida en proxectos relacionados coa recuperación de espazos públicos en infraestruturas viarias e no seu contorno así como coa mobilidade sostible, proxectos de tipoloxía similar á referida no “Decálogo de Criterios de Actuación nas Vías Provinciais” e á “Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable”.

Experiencia adicional do persoal mínimo

	Número de anos adicionais de experiencia a maiores do mínimo
Director/a técnico/a como Delegado Consultor	5
Técnico/a competente redactor de proxectos de infraestruturas, obras lineais e obra civil.	5
Técnico/a competente redactor de proxectos de infraestruturas, obras lineais e obra civil.	5

Adscrición ao contrato do seguinte persoal a maiores do mínimo:



- Un Xeólogo, Enxeñeiro Xeólogo ou equivalente especialista en Xeotecnia, cálculo de estabilidade de noiros, cimentacións, etc, con unha experiencia mínima de 3 anos.
- Un Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos ou Grado en Enxeñería ou equivalente especialista en cálculo de estruturas con una experiencia mínima de 5 anos.
- Un Enxeñeiro Topógrafo ou equivalente con experiencia mínima de 5 anos en deseño de obras lineais.

### 3.- Melloras ofertadas:

- A realización de 4 infografías 3D texturadas con aplicación 3ds Max ou similar, de aspecto fotorrealístico (sendo necesarios retoques fotográficos mediante aplicación Photoshop ou similar), recreando segundo as directrices do director do contrato o resultado do proxecto deseñado, incluíndo reportaxe fotográfico, recreación de paisaxe e ambiente, modelación da iluminación, mobiliario urbano, vehículos e persoas, cunha resolución final mínima de 48 megapíxeles para a obtención de imaxes en DINA4, podendo ser maior para outros formatos.
- A Integración do modelado BIM na fase de redacción dos proxectos, garantindo un mellor control de interferencias, estimacións máis precisas e unha maior optimización dos deseños.
- A actualización técnica do proxecto por cambios normativos, ou actualización de prezos, sempre que non impliquen recálculos ou cambios sustanciais do proxecto, durante o prazo de 2 anos desde a finalización do traballo.
- O uso de ferramentas dixitais para a xestión e seguimento do proxecto. Valoraranse as propostas que inclúan o uso de ferramentas dixitais para a xestión, seguimento e control dos proxectos e a actualización de información en tempo real facilitando a interoperabilidade entre a consultora e o Servizo de Infraestruturas. A consultora facilitará unha plataforma de comunicación baseada na nube centrada na colaboración en documentos e xestión de proxectos (tipo Onedrive, GoogleDrive, nube propia, ou similar) accesible en remoto polos técnicos do Servizo de Infraestruturas no que estean subidos os documentos relacionados con cada proxecto contratado durante a redacción do mesmo.

### 4.- Acreditación dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN-ISO 9001 ou equivalente: Si

Lote nº2.-Zona Norte a empresa Eptisa servicios de ingeniería S.L. polos seguintes prezos e valores ofertados e conforme as seguintes condicións:

- 1.- Porcentaxe de baixa ofertado sobre os prezos unitarios máximos de cada traballo (detallados na cláusula 3.3 do PCAP): 21,35 %.

Os prezos unitarios de adxudicación (unha vez aplicada a baixa ofertada) son os seguintes:



Tipo de traballos	Prezo sen IVE	IVE	Prezo IVE engadido
Cartografía e topografía (0 a 500 m de lonxitude de ámbito de actuación)	525,81 €	110,42 €	636,23 €
Adicional cartografía e topografía (Por cada 100 m ou fracción de lonxitude adicional de ámbito de actuación)	76,00 €	15,96 €	91,96 €
Estudo de viabilidade (0 a 500 m de lonxitude de ámbito de actuación)	5.156,46 €	1.082,86 €	6.239,32 €
Adicional estudo inicial (100 m ou fracción de lonxitude adicional de ámbito de actuación)	217,40 €	45,65 €	263,05 €
Proxecto construtivo (0 a 500 m de lonxitude de ámbito de actuación)	6.908,85 €	1.450,86 €	8.359,71 €
Adicional proxecto construtivo (100 m ou fracción de lonxitude adicional de ámbito de actuación)	217,40 €	45,65 €	263,05 €
Informe Estudo Xeotécnico	4.236,95 €	889,76 €	5.126,71 €
Actualización/modificación de proxecto redactado	2.319,74 €	487,15 €	2.806,89 €

2- Compromiso de posta a disposición de medios humanos con experiencia laboral adicional á requirida en proxectos relacionados coa recuperación de espazos públicos en infraestruturas viarias e no seu contorno así como coa mobilidade sostible, proxectos de tipoloxía similar á referida no “Decálogo de Criterios de Actuación nas Vías Provinciais” e á “Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable”.

Experiencia adicional do persoal mínimo:



	Número de anos adicionais de experiencia a maiores do mínimo
Director/a técnico/a como Delegado Consultor	5
Técnico/a competente redactor de proxectos de infraestruturas, obras lineais e obra civil.	5
Técnico/a competente redactor de proxectos de infraestruturas, obras lineais e obra civil.	5

Adscrición ao contrato do seguinte persoal a maiores do mínimo:

-Un Xeólogo, Enxeñeiro Xeólogo ou equivalente especialista en Xeotecnia, cálculo de estabilidade de noiros, cimentacións, etc, con unha experiencia mínima de 3 anos.

-Un Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos ou Grado en Enxeñería ou equivalente especialista en cálculo de estruturas con una experiencia mínima de 5 anos.

-Un Enxeñeiro Topógrafo ou equivalente con experiencia mínima de 5 anos en deseño de obras lineais.

3.- Melloras ofertadas: A empresa oferta as seguintes melloras:

-A realización de 4 infografías 3D texturadas con aplicación 3ds Max ou similar, de aspecto fotorrealístico (sendo necesarios retoques fotográficos mediante aplicación Photoshop ou similar), recreando segundo as directrices do director do contrato o resultado do proxecto deseñado, incluíndo reportaxe fotográfico, recreación de paisaxe e ambiente, modelación da iluminación, mobiliario urbano, vehículos e persoas, cunha resolución final mínima de 48 megapíxeles para a obtención de imaxes en DINA4, podendo ser maior para outros formatos.

- A Integración do modelado BIM na fase de redacción dos proxectos, garantindo un mellor control de interferencias, estimacións máis precisas e unha maior optimización dos deseños.

- A actualización técnica do proxecto por cambios normativos, ou actualización de prezos, sempre que non impliquen recálculos ou cambios sustanciais do proxecto, durante o prazo de 2 anos desde a finalización do traballo.

-O uso de ferramentas dixitais para a xestión e seguimento do proxecto. Valoraranse as propostas que inclúan o uso de ferramentas dixitais para a xestión, seguimento e control dos proxectos e a actualización de información en tempo real facilitando a interoperabilidade entre a consultora e o Servizo de Infraestruturas. A consultora facilitará unha plataforma de comunicación baseada na nube centrada na colaboración en documentos e xestión de proxectos (tipo Onedrive, Googledrive, nube



propia, ou similar) accesible en remoto polos técnicos do Servizo de Infraestruturas no que estean subidos os documentos relacionados con cada proxecto contratado durante a redacción do mesmo.

4.- Acreditación dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN-ISO 9001 ou equivalente: Si

Lote nº3.-Zona Sur a empresa Galaicontrol S.L. polos seguintes prezos e valores ofertados e conforme as seguintes condicións:

1.- Porcentaxe de baixa ofertado sobre os prezos unitarios máximos de cada traballo (detallados na cláusula 3.3 do PCAP): 24 %.

Os prezos unitarios de adjudicación (unha vez aplicada a baixa ofertada) son os seguintes:

Tipo de traballos	Prezo sen IVE	IVE	Prezo IVE engadido
Cartografía e topografía (0 a 500 m de lonxitude de ámbito de actuación)	508,09 €	106,70 €	614,79 €
Adicional cartografía e topografía (Por cada 100 m ou fracción de lonxitude adicional de ámbito de actuación)	73,44 €	15,42 €	88,86 €
Estudo de viabilidade (0 a 500 m de lonxitude de ámbito de actuación)	4.982,72 €	1.046,37 €	6.029,09 €
Adicional estudo inicial (100 m ou fracción de lonxitude adicional de ámbito de actuación)	210,07 €	44,12 €	254,19 €
Proxecto construtivo (0 a 500 m de lonxitude de ámbito de actuación)	6.676,07 €	1.401,97 €	8.078,04 €
Adicional proxecto construtivo (100 m ou fracción de lonxitude adicional de ámbito de actuación)	210,07 €	44,12 €	254,19 €
Informe Estudo Xeotécnico	4.094,20 €	859,78 €	4.953,98 €



Actualización/modificación de proxecto redactado	2.241,58 €	470,73 €	2.712,31 €
--	------------	----------	------------

2- Compromiso de posta a disposición de medios humanos con experiencia laboral adicional á requirida en proxectos relacionados coa recuperación de espazos públicos en infraestruturas viarias e no seu contorno así como coa mobilidade sostible, proxectos de tipoloxía similar á referida no “Decálogo de Criterios de Actuación nas Vías Provinciais” e á “Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable”.

Experiencia adicional do persoal mínimo:

	Número de anos adicionais de experiencia a maiores do mínimo
Director/a técnico/a como Delegado Consultor	5
Técnico/a competente redactor de proxectos de infraestruturas, obras lineais e obra civil.	5
Técnico/a competente redactor de proxectos de infraestruturas, obras lineais e obra civil.	5

Adscrición ao contrato do seguinte persoal a maiores do mínimo:

-Un Xeólogo, Enxeñeiro Xeólogo ou equivalente especialista en Xeotecnia, cálculo de estabilidade de noiros, cimentacións, etc, con unha experiencia mínima de 3 anos.

-Un Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos ou Grado en Enxeñería ou equivalente especialista en cálculo de estruturas con una experiencia mínima de 5 anos.

-Un Enxeñeiro Topógrafo ou equivalente con experiencia mínima de 5 anos en deseño de obras lineais.

3.- Melloras ofertadas: A empresa oferta as seguintes melloras:

-A realización de 4 infografías 3D texturadas con aplicación 3ds Max ou similar, de aspecto fotorrealístico (sendo necesarios retoques fotográficos mediante aplicación Photoshop ou similar), recreando segundo as directrices do director do contrato o resultado do proxecto deseñado, incluíndo reportaxe fotográfico, recreación de paisaxe e ambiente, modelación da iluminación, mobiliario urbano, vehículos e persoas, cunha resolución final mínima de 48 megapíxeles para a obtención de imaxes en DINA4, podendo ser maior para outros formatos.



- A Integración do modelado BIM na fase de redacción dos proxectos, garantindo un mellor control de interferencias, estimacións máis precisas e unha maior optimización dos deseños.

- A actualización técnica do proxecto por cambios normativos, ou actualización de prezos, sempre que non impliquen recálculos ou cambios substanciais do proxecto, durante o prazo de 2 anos desde a finalización do traballo.

-O uso de ferramentas dixitais para a xestión e seguimento do proxecto. Valoraranse as propostas que inclúan o uso de ferramentas dixitais para a xestión, seguimento e control dos proxectos e a actualización de información en tempo real facilitando a interoperabilidade entre a consultora e o Servizo de Infraestruturas. A consultora facilitará unha plataforma de comunicación baseada na nube centrada na colaboración en documentos e xestión de proxectos (tipo Onedrive, GoogleDrive, nube propia, ou similar) accesible en remoto polos técnicos do Servizo de Infraestruturas no que estean subidos os documentos relacionados con cada proxecto contratado durante a redacción do mesmo.

4.- Acreditación dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN-ISO 9001 ou equivalente: Si

Financiación: O financiamento dos contratos derivados do acordo marco financiarase con cargo á aplicación orzamentaria que corresponda, dentro do proxecto de gasto da respectiva obra.

Os importes a pagar por cada contrato derivado que se celebre determinaranse en función dos traballos encargados no contrato derivado e do ámbito da actuación (lonxitude) en función dos prezos unitarios de adjudicación de cada lote.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adjudicatario ou adjudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de expte	Acordo marco: 2025048312 Contrato derivado: (indicar nº expte)
----------------	-------------------------	-------	------------------	---



Órgano xestor:	LA0006123	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135
----------------	-----------	----------------------	-----------	-------------------	-----------

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A Xefa dos Servizos administrativos de infraestructuras e Vías Provinciais ou persoa na que delegue asistida polo persoal técnico correspondente.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.

19.36352.- ADXUDICACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DA DEPUTACIÓN E DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA, CONTRATO BASADO NO LOTE NÚMERO 5 DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DE SEGUROS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. (EXPTE.2026006577)

Visto que por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 6 de marzo de 2026 aprobouse o expediente de contratación do Seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e da Escola Universitaria de Enfermería, Contrato baseado no lote 5 (seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial para Entidades Locais e entes dependentes de máis de 50.000 habitantes) do Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, da Central de Contratación da FEMP.

Resultando que, para a presente contratación, en data 13 de marzo de 2026, invitouse á única empresa que figuran dentro do lote 5 do citado Acordo Marco, ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA, para que presentase oferta a través da plataforma da Central de Contratación da FEMP.

Resultando que, en data 24 de marzo de 2026, procédese a descriptación e descarga das ofertas presentadas pola empresa adxudicataria do Lote 5 do Acordo Marco e remítese a documentación á empresa adxudicataria do servizo de mediación do contrato de seguro de Responsabilidade Civil Patrimonial, WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.



Resultando que, visto o informe emitido pola empresa WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A (CSV: DJBO8PXXK21R24T4G), en data 25/03/2026, acórdase prestar conformidade ao mesmo.

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (.)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar á empresa ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA o contrato de *Seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e da Escola Universitaria de Enfermería*, mediante un Contrato baseado no lote 5 (seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial para Entidades Locais e entes dependentes de máis de 50.000 habitantes) do Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, da Central de Contratación da FEMP, de acordo co seguinte detalle:

#### OFERTA ECONÓMICA (PRIMA)

TASA DE PRIMA NETA OFERTADA (2 DECIMALES)	PRIMA RESULTANTE DE APLICAR TASA SOBRE ORZAMENTO MUNICIPAL (2 DECIMALES MAXIMO)		
	PRIMA NETA	IMPOSTOS	PRIMA TOTAL
0,50 ‰	119.629,24€	9.749,78€	129.379,02€

#### REDUCCIÓN DE FRANQUICIA

Redución da franquicia xeneral

FRANQUICIA XENERAL ESTABLECIDA NO PPT	FRANQUICIA XENERAL OFERTADA
2.350€	1.000€

#### INCREMENTO DOS LÍMITES/SUBLÍMITES DE INDEMNIZACIÓN ESTABLECIDOS NO PPT

OFERTA LÍMITES/SUBLÍMITES



LÍMITE POR SINISTRO	LÍMITE POR ANUALIDADE	SUBLÍMITE POR VÍCTIMA RC PATRONAL	SUBLÍMITE GARANTIA PPP POR SINISTRO E ANUALIDADE	SUBLÍMITE BENS TERCEIROS E BENS EMPREGADOS
8.000.000€	8.000.000€	500.000€	300.000€	400.000€

ÁMBITO TEMPORAL DA COBERTURA. RETROACTIVIDADE

PERIÓDO DE RETROACTIVIDADE ESTABLECIDO NO PPT	OFERTA AUMENTO PERIÓDO DE RETROACTIVIDADE				
2 ANOS	SI		NON	X	...ANOS ...MESES

ELIMINACIÓN DE EXCLUSIÓNS REFERIDAS Á CLÁUSULA 9 DO PPT: NON OFERTA  
ELIMINACIÓN DE EXCLUSIÓNS

O prazo de duración será de 1 ano, desde o 1 de xullo de 2026, establecéndose a posibilidade dunha prórroga cunha duración dun ano.

2.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 129.379,02 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/922.9330.224.01, do vixente orzamento provincial.

3.- Nomear como responsable do contrato o Técnico adxunto á xefatura do Servizo de Contratación e Patrimonio, ou persoa na que delegue.

4.- Comunicar esta resolución á adxudicataria a través da Plataforma informática da Central de Contratación, publicar esta resolución no Perfil do contratante da Deputación de Pontevedra e notificar a mesma conforme ao establecido na LCSP.

O contrato baseado despregará efectos desde a notificación da presente Resolución de adxudicación.

20.36353.- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PAPEL E CARTOLINAS PARA A IMPRENTA PROVINCIAL. (EXPTE.2026000490)

Resultando.- Que por acordo de Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 6 de marzo de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da “*Subministración de papel e cartolinas para a imprenta provincial*” cun orzamento base de licitación de 40.000,00 euros (IVE engadido).



Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 9 de marzo de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 26 de marzo de 2026, procedeu á apertura dos sobres "únicos", correspondentes coa documentación administrativa e propostas avaliábeis mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "*Subministración de papel e cartolinas para a imprenta provincial*".

Resultando.- Que o certificado da Mesa de Contratación, de data 26 de marzo de 2026, recolle o seguinte: "(...) a Mesa de Contratación ACORDA:

- *Propor ao órgano de contratación que declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Subministración de papel e cartolinas para a imprenta provincial" por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato."*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª do Capítulo V, do Título II do Libro Segundo da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP). Considerando.- Que no artigo 150.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, recolle o seguinte "(...) non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego...".

Considerando.- Que a sensu contrario cabería concluír que cando non exista ningunha oferta ou proposición admisible de acordo cos criterios que figuren no prego, a licitación poderá declararse *deserta*.

Considerando.- Que o artigo 63.3 e) parágrafo segundo da LCSP establece que serán obxecto de publicación no perfil do contratante, a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato, o desistimento do procedemento de adxudicación, a declaración de deserto, así como a interposición de recursos e a eventual suspensión dos contratos con motivo da interposición de recursos.

Á vista do exposto, tendo en conta a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da base de execución do orzamento 16ª.1 b), e pola Resolución da Presidencia número 2025008021, de 3 de outubro de 2025, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Declarar deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "*Subministración de papel e cartolinas para a imprenta provincial*" por non terse presentado ningunha proposición en tempo e forma.



21.36354.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L. (B-36147429), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DAS "OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022 (LOTE 1. ZONA A2)". (EXPTE. 2022017772) (DEVOGARÁN 2026015537

Por acordo número 3.7582 adoptado polo Pleno da Corporación Provincial, celebrado na súa sesión ordinaria, de data 26 de marzo de 2021 (CSV.- I7XBNPNS4NVBWIEW), acordouse, entre outros asuntos, a “Adxudicación do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco que regule as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación para o ano 2021”. (Núm. Exp. 2020022322)

Dentro deste procedemento aberto e a través do acordo da Xunta de Goberno, número 18.31688, celebrada na súa sesión ordinaria de data 06 de maio de 2022 (CSV.- ET5C9H3WT12PS27D), aprobouse a adxudicación dun Contrato Derivado do Acordo Marco que regula as “Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 1 - Zona A2)”. (Expte.- 2022017772).

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil *CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS, S.L. (B-36147429)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONST. ENRIQUE C. CASAS, S.L. (B-36.147.429)	26.371,23€	202200107358	23/05/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 1J1WJE94J1ATGEC9), no cal sinala que “(...)”.

*Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode procede a liquidación da obra sen variación económica. En base ao anteriormente exposto e considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 27/09/2022, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de vinte e seis mil trescentos setenta e un euros con vinte e tres céntimos (26.371,23 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202200107358 de data 23/05/2022. (...)”.*

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- XPA6AG00ZZV0MJKM), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L. (B-36.147.429)*, dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do Contrato Derivado do Acordo Marco que regulou as “Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 1 - Zona A2)” (Núm. Expte. 2022017772), sen que existan obrigas pendentes.

-

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L. (B-36147429), por resultar adxudicataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

o A constituída pola entidade mercantil CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L. (B-36.147.429), mediante aval emitido pola entidade BANCO SANTANDER (A-39.000.013) “Aval inscrito no Rexistro Especial de Avals co nº: 0049 6781 11 2110001508”, por importe de vinte e seis mil trescentos setenta e un euros con vinte e tres céntimos (26.371,23 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 23/05/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030614 (Número de Carta de Pago 202200107358).

#### 22.36355.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (EXPTE. 2026022275)

Vista a relación de operacións con número 2026022275 (CSV: 08DX56XOZJZ0P5R4), que contén 2 operacións por un importe de 675,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario .....	675,00 €
IVE soportable deducible .....	0,00 €
Retencións .....	0,00 €
Total líquido .....	675,00 €



23.36356.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES. 2026021647, 2026021650)

a) Vista a relación de operacións con número 2026021647 (CSV: 0P8VT3Q3DKW2DSMV) que contén 4 operacións por un importe de 16.623,85 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario .....	16.623,85 €
IVE soportable deducible .....	0,00 €
Retencións .....	0,00 €
Total líquido .....	16.623,85 €
...	

b) Vista a relación de operacións con número 2026021650 (CSV: 0RXNP9M0ZHTAXEA7), que contén 5 operacións por un importe de 5.316,01 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario .....	5.316,01 €
IVE soportable deducible .....	0,00 €
Retencións .....	0,00 €
Total líquido .....	5.316,01 €

24.36357.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 21 DE MARZO DE 2025 (12.34941), DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DO PROXECTO TÉCNICO E REAXUSTE DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA EN CUBERTA E INSONORIZACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BARRANTES” DO CONCELLO DE RIBADUMIA, INCLUÍDO NO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (EXPT. 2025003534)

## ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de



infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.

- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Ribadumia o importe que lle corresponde é de 107.656,30 €.
- Mediante o acordo núm. 12.34941 de 21/03/2025 da Xunta de Goberno da Corporación Provincial concedeuse unha subvención por importe de 107.656,30 € ao Concello de Ribadumia, con destino ao financiamento do investimento denominado “Mellora en cuberta e insonorización do pavillón polideportivo en Barrantes” (Expte.2025003534), en base a un orzamento que ascende a 155.960,46 €, debendo co-financiar a entidade municipal 48.304,16 €.
- En data 6 de febreiro do 2026 e nº Rexistro WEB2026007939, o Concello de Ribadumia solicita reformulación do proxecto motivado na reordenación de prioridades orzamentarias que fan necesario adaptar o alcance da partida de paneis acústicos reducindo cuantitativamente o número de paneis inicialmente contemplado, e facendo unha redistribución optimizada dos mesmos para manter o comportamento acústico global do recinto dentro dos parámetros aproximados ós inicialmente previstos. Con esta reformulación o orzamento diminúe dos 155.960,46 € do proxecto inicial ata os 131.322,63 € do proxecto reformulado, manténdose o importe da subvención invariable e diminuíndo o importe do co-financiamento do Concello dos 48.304,16 € iniciais ata os 23.666,33 € trala reformulación.
- O proxecto reformulado conta co informe de supervisión favorable do xefe do Servizo Técnicos de Cooperación de data 20/02/2026 (CSV SFFFZBJUMR8ZH3BV), no que se sinala que o novo proxecto reformulado: supón baixa do orzamento orixinal, non altera a obra na súa formalización, non supón unha baixa na calidade do proxectado e resposta á finalidade orixinaria da axuda. As variacións entre ambos atópanse motivadas no informe técnico anexo. O novo proxecto resposta á formalización, finalidade e obxecto da axuda solicitada.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos na base reguladora 21ª do II PEID.



- O 12/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a solicitude de modificado do proxecto e na mesma data a Intervención provincial informa favorablemente 12/03/2026.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID).

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

#### MODIFICACIÓN DE PROXECTO

- Base reguladora 21ª do II PEID, relativa á modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación dos proxectos técnicos.

### RÉXIME COMPETENCIAL



- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

## CONCLUSIÓNS

Visto que o proxecto modificado presentado polo Concello de Ribadumia non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o orzamento do novo proxecto mantense respecto do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida, e o Concello asume o compromiso de cofinanciamento da citada cantidade.

Visto que o proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no II PEID e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o novo proxecto que rexerá a execución da obra “Mellora en cuberta e insonorización do pavillón polideportivo en Barrantes”, financiada ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas. O proxecto técnico achegado en data 06/02/2026 WEB2026007939, substitúe, para todos os efectos, ao presentado en data 21/01/2025 WEB2025003912.
- Modificar o acordo da xunta de goberno 12.34941, do día 21/03/2025 co obxecto de axustar o financiamento da actuación arriba referida, quedando como se detalla a continuación:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN II PEID	ONDOS PROPIOS DO CONCELLO
131.322,63€	107.656,30€	23.666,33€

- O resto de pronunciamentos contidos no acordo da xunta de goberno 12.34941 do día 21/03/2025, permanezan inalterables.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Ribadumia, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

25.36358.-. DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. GAMING TROOP PARA A SUBVENCIÓN “LIÑA 1: IV EDICIÓN DA LÉREZ UP” DO CONCELLO DE PONTEVEDRA, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025(EXPTE. 2025046384)

Antecedentes:



Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 2 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025.

Segundo.- En data 09/06/2027, Marcos González Liste, en representación da Asoc. Gaming Troop (NIF: G94175726 ) presenta solicitude para “Liña 1: IV Edición da Lérez Up”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 8.599,85 € (sen o IVE correspondente).

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á Asoc. Gaming Troop, do concello de Pontevedra (NIF:G-94.175.726) unha subvención de 1.924.44€ para “Liña 1: IV Edición da Lérez Up” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 24/03/2026 e número de rexistro WEB2026022797, a Asoc. Gaming Troop de Pontevedra, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non poder acreditar adecuadamente determinados puntos da xustificación económica conforme aos criterios establecidos na convocatoria.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 25/03/2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola Asoc. Gaming Troop (NIF: G94175726) documento con CSV: KJD9VLI5U1VC11LJ.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.



Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola Asoc. Gaming Troop (NIF:G-94.175.726) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.924,44€ para a realización da actividade da “Liña 1: IV Edición da Lérez Up” (documento co CSV:KJD9VLI5U1VC11LJ).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



26.36359.-. DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA CORAL POLIFÓNICA DE ARBO PARA A SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE VESTIARIO” DO CONCELLO DE ARBO, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025( EXPTE: 2025066833)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 06 de outubro de 2025 José Manuel Blanco Reboreda, en representación da CORAL POLIFÓNICA DE ARBO (NIF: G36329944) presenta solicitude para “Adquisición de vestuario”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 2.000,00 € (sen IVE).

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á CORAL POLIFÓNICA DE ARBO, do Concello de Arbo (NIF:G36329944) unha subvención de 505,20€ para “Adquisición de vestuario” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 29 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026005648, a CORAL POLIFÓNICA DE ARBO de Arbo, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non poder facer fronte aos pagos do vestuario e non poder presentar a factura correspondente.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 4 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola CORAL POLIFÓNICA DE ARBO (NIF: G36329944) documento con CSV: TIL9VUBGBWJOW4FU.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.



Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o [artigo 22.1 da Lei 38/2003](#), Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola CORAL POLIFÓNICA DE ARBO (NIF: G36329944) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 505,20€ para a realización da actividade “Adquisición de vestiario” (documento co CSV: P19DOIW0G2B968RY).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

27.36360.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DA AMIL PARA A SUBVENCIÓN “ADQUISIÓN DE VESTIARIO” DO CONCELLO DE MORAÑA, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025 EXPTE. 2025067435

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 5 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestiario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 8 de outubro de 2025 Alejandro García Arcos, en representación da ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DA AMIL (NIF: G72719180) presenta solicitude para “Adquisición de vestiario”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 4.210,16 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DA AMIL, do Concello de Moraña (NIF: G72719180) unha subvención de 842,00 € para “Adquisición de vestiario” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 29 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026005559, a ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DA AMIL de Moraña, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non poder acometer o investimento na súa totalidade antes do 31/12/2025 e non ter documentos válidos de xustificación.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 4 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DA AMIL (NIF: G72719180) documento con CSV: YWCWY5E5CTJKZFY0.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.



É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DA AMIL (NIF: G72719180) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 842,00€ para a realización da actividade “Adquisición de vestiario” (documento co CSV: ZPZVGMS1BZ9NMNZJ).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

28.36361.-. DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA ARDELUME DE BAIÑA PARA A SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS E VESTIARIO” DO CONCELLO DE BAIONA APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025. EXPTE 2025066657

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 5 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestiario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 6 de outubro de 2025 María del Pilar Rodríguez Rodríguez, en representación da ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA ARDELUME DE BAIÑA (NIF: G27821222) presenta solicitude para “Adquisición de instrumentos e vestiario”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 3.899,83 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA ARDELUME DE BAIÑA, do Concello de Baiona (NIF: G27821222) unha subvención de 842,00 € para “Adquisición de instrumentos e vestiario” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.



Cuarto.- Con data 29 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026005744, a ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA ARDELUME DE BAIÑA de Baiona, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non poder realizar o gasto e obter as facturas no prazo estipulado.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 04 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACION FOLCLORICA ARDELUME DE BAIÑA (NIF: G27821222) documento con CSV: 1Y5QNV8CLCRYS6OO.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no



territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA ARDELUME DE BAIÑA (NIF: G27821222) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 842,00 € para a realización da actividade “Adquisición de instrumentos e vestuario” (documento co CSV: TM0470BPS6JC0U1W).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

29.36362.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL ARROUTADA E NA MAIS PARA A SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS” DO CONCELLO DE TOMIÑO APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025 (EXPTE.2025065640)

Antecedentes:



Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 5 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 30 de setembro de 2025 Óscar Manuel Barbosa Rocha, en representación da ASOCIACIÓN CULTURAL ARROUTADA E NA MÁIS (NIF: G72829237) presenta solicitude para “Adquisición de instrumentos musicais”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 2.934,25 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACIÓN CULTURAL ARROUTADA E NA MÁIS, do concello de Tomiño (NIF: G72829237) unha subvención de 505,20 € para “Adquisición de instrumentos musicais” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 25 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026004580, a ASOCIACIÓN CULTURAL ARROUTADA E NA MÁIS de Tomiño, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non dispoñer de fondos suficientes para anticipar os gastos.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 4 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN CULTURAL ARROUTADA E NA MÁIS (NIF: G72829237) documento con CSV: BATW7A8FOVSVVLT.M.

#### Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

